



## Editorial

Non hai dúbida de que o enfoque do proceso constituinte do Estado español no post-franquismo foi un tema fundamental de discordia na esquerda de Galicia que condicionou o discorrir político aquí.

Nos tempos en que a creba democrática era a alternativa común de toda a oposición, a reivindicación dos dereitos nacionais de Galicia e a súa plasmación constitucional concebíanse baixo dúas ópticas diferentes:

—Para a Táboa Democrática, a formación dun goberno provisorio galego, desde o intre da ruptura, faríase con base nun estatuto provisional que recollese os principios e as institucións plebiscitados en 1936.

—Para o Consello de Forzas Políticas Galegas, o goberno provisorio, unha vez asumido o poder político encetaría un proceso constituinte, simultáneo cos procesos constituintes nas outras nacións do Estado, establecendo a coordinación destes a través dun pacto federal. Alternativa que implicaba o reconecemento do dereito de autodeterminación.

A estratexia do pacto federal era concebida polo PSG en dous planos. Por unha banda, o Consello de Forzas Políticas Galegas como plataforma unitaria das forzas nacionalistas galegas. Pola outra, a Federación de Partidos Socialistas como coordinadora da política socialista a nivel de Estado.

Pero a ruptura democrática foi abandonada por unha parte significativa da oposición —mentres que os cumios da «Plataxunta» tentaban a reforma pactada co poder, as súas bases e o resto da oposición andaban a pedir abstención no referéndum— sinalando o fin dunha época. O 15 de nadal de 76 a reforma pactada xa era un feito. E sen creba, o pacto federal carecía de sentido.

As eleccións xerais do 15 de xuño de 1977 abrían unha nova posibilidade: a redacción da nova constitución polos cortes constituintes. Acudir xuntos ás eleccións os que se din federalistas, aínda que non tiveran aceptado a estratexia do pacto federal, —no canto de ir por familias ideolóxicas— era a nova liña táctica proposta polo PSG co nome de Alianza Federalista.

Para o PSG a Alianza Federalista supoñía unha acomodación da liña do partido que implica a transformación, desde dentro, do estado unitario en estado federal.

Mais a Alianza Federalista tampouco puido ser levada a cabo. O 15 de xuño a reforma foi lexitimada democráticamente. E os partidos de maior repercusión parlamentaria asumen de feito unha constitución de estado rexional.

A aceptación continuada dos plantexamentos da dereita foi conducindo á oposición ao colexón de saí se podes en que hoxe se atopa, cuxo exponente máis nido é o Pacto da Moncloa.

Pois ben. A vía autonómica ven imposta por unha correlación de forzas que nos é desfavorábel. O que non permite outra alternativa táctica que loitar para que as competencias que se otorguen sexan o máis amplas posible.

No caso de Galicia, podemos considerar que a autonomía é o reconecemento dun dereito conquistado polo pobo galego en 1936, e a autodeterminación é un dereito inalienábel e imprescriptíbel do pobo galego.

Para o PSG a autodeterminación é un obxectivo estratéxico. E non hai contradición ningunha entre este obxectivo e a loita táctica pola autonomía.

Por entendelo así, estivemos na rua o día 4 de nadal. E así o entendeu o pobo galego.

## Medio millón de galegos na rua

O domingo día 4 de nadal estivemos na rua medio millón de galegos. Isto é, a quinta parte da poboación total do país —vellos e novos incluídos. Cunha intención ben nida: esixir a devolución dos dereitos do pobo galego, secuestrados polo estado centralista.

Aínda que con conciencia máis ou menos difusa no canto de sinalar as cotas ás que ascenden estes dereitos. E son resultados da formación e información tendenciosas —desinformación e deformación— a que nos teñen sometido pola forza. Pois, mozas de anos mouros negándonos decote os nosos dereitos desde o poder, condicionan as nosas testas evidentemente.

En Vigo, na Cruña, en Lugo, en Ourense —e mesmo en Vilagarcía, en Pontevedra, etc., días antes— movilizámonos masivamente os galegos, en resposta ao chamamento de cáseque todos os partidos políticos e centrais sindicais con presenza en Galicia. Manifestando, sen dúbidas, a nosa vontade de nos producíremos como país e comunidade diferenciados que somos —por máis que lles pese a quen teimaron arreo por desasemellarnos.

Así de sinxelo. Nin menos amplo nin máis concreto. E non valen as manipulacións de interpretacións parciais deste feito: por restrictivas, demagóxicas ou abusivas.

O certo, incuestionábel, demostrado novamente o día 4 de nadal de 1977, é que o cerne do pobo galego ten boa saúde e que os partidos políticos e as centrais sindicais conectan directamente con este.

E, se cadra, igual non estaría de máis que o anotasen desmemoriados e escépticos.



(Na fotografía, panorámica da manifestación do 4 de nadal en Vigo. Unhas 300.000 persoas —máis que o censo da cidade— con pancartas e bandeiras fan presente, outravolta, a vontade popular de diferenciación política de Galicia: un relevante elemento dinámico constitutivo da nación galega).

## USURPACION

Esta é a intención do PSOE verbo das nosas siglas. A decisión xa é conocida. E a reacción tamén. Así como a condena xeralizada de tal proceder.

Porque, a máis dun golpe baixo a un partido da familia socialista, no fondo hai, nesta operación, un ataque claro ao nacionalismo galego. Deixándose levar pola corrente, ou seguindo indicacións.

Pois co gallo de fornecer unha información panorámica deste lamentábel sucesos, adicámoslle ao mesmo o «Informe Galicia Socialista» que se distribúe co presente número.

Agardamos contribuir á obxetividade; desbotando calquera esaxeración.

## TABOA

- A comercialización da pataca na Limia
- O Pacto da Moncloa é a aceptación das propostas gubernamentais.
- Problemas do ensino
- Un partido, ¿para qué!
- Destragos no mar: 800.000 quilos de pescada diarios
- Lexitimar os dereitos dos pobos
- Colón galego
- Peche do Congreso
- Efemérides, recensión de libros, acontecementos no país.

## A OS NÓSOS LECTORES

GALICIA SOCIALISTA necesita consolidarse e a mellor maneira de acadalo é chegando a ter un número importante de suscriptores.

Suscribirse a GALICIA SOCIALISTA significa contribuir ao afortalamiento do socialismo galego, pois GALICIA SOCIALISTA tenta ser o voceiro de todos os socialistas galegos.

## A Limia e a comercialización da pataca

A Limia é unha chaira grande, atravesada polo río do mesmo nome, aló no centro-sur de Ourense. Aquí vivimos hoxe arredor de dez mil familias, que se non fose pola emigración e algunha que outra cadela que xuntamos cando vendemos un becerro ou uns canistrelas de patacas morreriámos de fama. Coa desecación da Lagoa da Antela fóronse carballos, amieiros, xente... e foise o zume da bisbarra: agora a terra di moi seca e cóstalle máis dar labor.

A pataca é o único produto que se comercializa na zona —ou que se quer comercializar— pero o vento sopra pouco ao noso favor.

### O PROBLEMA

Somente o dez por cento dos labregos teñen tractor, que gañaron na emigración, e con el fan parte dos traballos. Namentres que o resto válese dunha xugada de vacas e un arado de pau. Mercar un tractor con algún aparello custa arredor do millón de pesetas. Nalgún municipio están facendo a concentración parcelaria, e para deixala como a deixan mellor fora que non a fixeran. Pra abonar emprégase o estrume feito no curral (e agora hai pouco quen roce), abonos químicos e esterco das granxas de polos. Os abonos químicos levan tido catro subas no que vai de ano. Un camión de esterco das granxas custa unhas 18.000 pesetas. E unha arrincadora de patacas subiu, do ano pasado a este ano, de sesenta a cento cinco mil pesetas. A terra, como dixemos, quedou sen zume e precisa moito esterco para que poida producir algo.

Según un estudo do SAGA (Sindicato Agrario Galego), producir un quilo de patacas custa hoxe 8'27 pesetas. Sendo entre 8 e 9 pesetas/quilo o precio que nos pagan os negociantes, mentres que se lle venden ao consumidor a 15 ou 16 pesetas o quilo. O precio que nos pagan mantense estancado desde hai cinco anos. E un quilo de pataca de semente certificada vainos custar, como mínimo, 28'5 pesetas. A calidade da pataca da Limia —según din os almacenistas— é do mellorciño. Pero, como o negocio é o negocio, aos que tratan no choio cóstalles pouco traer pataca máis barata de Castela e facela pasar por diante do nariz do consumidor —que non entende do asunto— como se fose pataca da Limia. E así, a marxe de gañancia establecida multiplicábase por dous, a conta do labrego e do consumidor.

### A LOITA

Desde o vran, o SAGA tentou un carreiro de loitas na procura dunha solución ao grave problema no que se atopa a comercialización da pataca, tanto na Limia coma noutras zonas produtoras de Galicia. Para elo nomeouse unha comisión na asemblea constituinte do SAGA na comarca, co fin de estudar detalladamente a cuestión: precio de coste, cantidade de produción para vender, estudo do mercado, contactos coa administración, etc. Os resultados son: camuflaxe de pataca castelá, almacenistas piratas, cincuenta millóns de quilos de pataca para comercializar na bisbarra, e moi poucos antoxos, por parte da administración, de arranxar o problema.

Despóis de asembleas abertas, feitas polo SAGA en todas as parroquias da Limia, os representantes dos sindicatos locais chegaron ao acordo de pasar á forza e convocaron unha manifestación para o día 20 de novembro, coa que se poñería de manifesto diante da opinión pública e

de administración cal é o problema e a unidade dos labregos para arranxalo. O día proposto, a pesares do temporal e da desconvocatoria pola Guardia Civil, xuntáronse en Xinzo uns catro mil labregos e máis de seiscentos tractores. Sumándose á manifestación o Sindicato Labrego Galego, as Sociedades Agrarias, os veciños de Xinzo... e solidarizándose cos manifestantes o noso partido. A protesta rematou cunha concentración no campo da feira, onde fixeron uso da palabra membros do SAGA e dos Comités de Apoio —entre eles, o noso compañeiro X. A. Xardón— e tamén foron convidados a falar o SLG e as SS.AA. Lamentando tóremos de sinalar a postura antiunitaria do SLG, que desde o comezo empeñouse en facer valer a súa postura partidista, por riba do sentir xeral dos labregos, tratando de se apoderar da manifestación para os seus antoxos; a costa de ataques falsos ao SAGA e, conseguintemente, aos labregos da Limia, afiliados na maior parte a este sindicato. A resposta dos asistentes en contra dos representantes do SLG (asubidos, e berros «fóra de aquí», etc.) deu testemuña da impopularidade deste sindicato na Limia.

Alli aprobouse a plataforma reivindicativa, que consiste en:

- 1 Precio mínimo de garantía, 12 pesetas/quilo.
- 2 Que non entre pataca de fóra mentres haxa pataca galega sen vender.
- 3 Subvencións para abonos, sementes, arseniatos e maquinaria.
- 4 Fóra intermediarios. Venta directa.
- 5 Recollida de toda a produción.
- 6 Fóra PROPASI (monopolio da pataca de semente, na zona) e control da semente polos campesiños.

E para levar adiante esta plataforma, o SAGA presentou unha comisión negociadora que foi ratificada na concentración. A tal comisión xa mantivo conversas tripartitas, coa administración (agricultura e comercio) e con almacenistas de patacas. Para tentar un acordo coa base na sinalada plataforma. Desde o primeiro momento, notouse unha falla total de interese de negociaren pola banda dos almacenistas; quen aínda quixeron culpar, demagógicamente, ao SAGA diante da administración: sinalaron que este ao pedir 12 pesetas/quilo quer cangar o carro sobor do consumidor, o que é evidentemente falso, pois se lle engadimos ás 12 pesetas as marxes establecidas resultalle o quilo ao consumidor a unhas 16 pesetas, que é o precio hoxe habitual do mercado.

Como non se chegou a acordo cos almacenistas e a administración non ofrece máis que verbas fermosas, o SAGA acordou:

- a) Conxelar as conversas cos almacenistas.
- b) Esixir á administración o seguinte:

- 1 Que os negociantes se axusten ás marxes establecidas pola lei; pois según o que pagan hoxe teñen unhas marxes de sete pesetas/quilo, xustamente o dobre do que lles é autorizado.
- 2 Que se oriente o mercado da pataca de xeito que teña preferencia no mercado galego a pataca do país.
- 3 Que se controle a adulteración da pataca da Limia; consistente en mesturar pataca de peor calidade (e por conseguinte máis barata) con pataca da nosa, sen que se entere o consumidor xa que o precio é igual.
- 4 Que a administración rexional presione sobor da de Madrid para que arranxe a cuestión.

E como sabemos que estas propostas carecen de contido coa simple presentación, o SAGA tomará as medidas de forza que coide comenentes.

XADA, corresponsal da Limia

## Acto político en Lalín

O 19 de santos, o noso partido celebrou un acto político importante en Lalín. Presentados polo escritor Daniel Varela Bu-xán, faláron:

Manuel Caamaño Suárez, que espuxo a panorámica do socialismo galego coa historia da camiñada do PSG durante os seus 14 anos de existencia: no fronte nacionalista (Asamblea Nacional Popular Galega, Consello de Forzas Políticas Galegas, Alianza Federalista) así como na alternativa federal (Conferencia Socialista Ibérica, coa conseguinte Federación de Partidos Socialistas).

Xosé Bembibre Requeiro referíuse á política sindical do PSG: sindicalismo de clase, unidade sindical, sindicato democrático, autonomía sindical, sindicato galego... que, no caso do fronte obreiro, vaise concretando no Frente de Traballadores Galegos, afiliación ao SOG e Coordinadora de Forzas Sindicais Galegas, decote no vello da Central Sindical Unica Galega.

Emilio González Fernández tratou da situación sanitaria da zona, denunciando as irregularidades debidas a intereses particulares no desenvolvemento da política sanitaria local, optando por unha política sanitaria concorde coa realidade galega e convidando a todas as forzas políticas a organizar unha manifestación a prol da posta en funcionamento en Lalín dun ambulatorio da Seguridade Social con funcións de hospital comarcal.

Mario Orxales Pita —respondendo espontaneamente ás preguntas que lle quixo facer o público— espuxo brillantemente a posición do PSG cara a integración do Estado español no Mercado Común Europeu tratando das repercusións que este feito tería na economía galega, da necesaria converxencia socialismo-nacionalismo nunha política de esquerdas acomodada a Galicia e mesmo da unión dos socialistas galegos, da perspectiva internacional do PSG entendida como a Europa dos pobos, etc., etc.

O coloquio resultou longo, tenso e, según comentarios posteriores, interesante e proveitoso.

Corresponsal de Comunicación e Hemeroteca General CEDOC

### Desde Ferrol

## Manifestación contra da crise naval

O pasado 22 do mes de santos cáseque todos os partidos políticos, centrais sindicais e asociacións de veciños de Ferrol e bisbarra puxémonos de acordo en responder ao chamamento do Consello de Delegados de Astano para participar nunha manifestación convocada contra da crise na construción naval. Denantes da hora fixada notábase polas ruas da cidade un bule-bule de xente pouco común. E ás sete e media empezouse a organizar a serpe humana que cingulría o casco urbano.

A unha pancarta coa lenda «Pola garantía dos postos de traballo - Consello de Delegados de Astano» seguían hastra 10.000 persoas. Coreando eslogans como «solución nacional á construción naval», «traballo sí, paro non», «contratación e financiación», etc., coas chamadas aos miróns barrándolles «menos mirar, máis participar». Todo elo entremesturado con pancartas de diferentes organizacións aludindo aos expedientes de

crise, á eventualidade, aos oito mil traballadores en paro en Ferrol...

Ao remate, na praza de Armas, un membro do Consello de Delegados falou de que o problema non é somente dos traballadores de Astano, poisque a actual situación é continuación dos expedientes de crise da Península Maderera, de Pysbe, dos despídos de Auxiliares de Astano e Bazán; destacando a postura solidaria de todas as organizacións, así como que a solución terá de ser abordada a nivel de todo o Estado. Cantouse o himno galego e unha comisión do Consello de Deigados pasou a dialogar co alcalde da cidade sobor da situación e posibles solucións a curto prazo.

### AS MOCEDADES SOCIALISTAS GALEGAS (MSG) ESTIVERON ALI

Convocada polas organizacións xuvenís galegas existentes nesta cidade, celebrouse o pasado día 4 do mes de novembro, ás 7 e 1/2 do serán, unha concentración reivindicadora de, entre outros, os seguintes puntos: maioría de idade aos 18 anos, polos dereitos da mocidade, non ao paro dos mozos, devolución da D.N.J., legalización das organizacións da mocidade, ensino democrático, participación da mocidade nos organismos municipais.

Rapaces de XSPG, MGR, XCG, UXM, XGRE, CGXR, xunto cos MSG, portaban bandeiras e pancartas alusivas, permanecendo máis dunha hora no Cantón de Molíns, pra remataren cantando o himno.

Br. Li., corresponsal en Ferrol

# O PACTO DA MONCLOA

Por LOIS RANDE

A crítica situación económica e social en que nos atopamos por obra de quen manexa os fios do poder, o Goberno e os partidos políticos con representación parlamentaria hoxe respontan co chamado Pacto da Moncloa.

Preguntámonos cal é o significado real deste pacto.

## NO PLANO ECONOMICO

Dende o punto de vista económico, o Pacto da Moncloa é o Plan Fuentes Quintana.

Un plan centralista, poisque ignora as desigualdades existentes entre os diferentes pobos do Estado español. E en Galicia, por exemplo, o paro non ten as mesmas características que noutras zonas; porque, a máis da crise, hai atraso económico. Aquí, hai dous tipos de paro: un que é estrutural e endémico, orixe da emigración e froito do atraso; outro que é coyuntural, propio da crise, que afecta aos sectores industriais con crecemento anárquico. En Galicia non é o caso de que se perda un emprego, serían máis ben que se nace sen el.

No pacto, das 101 páxinas do informe adócense as 15 liñas iniciais a describir os fundamentais desequilibrios existentes —inflación, paro e déficit exterior— pero non se explican a súa xénese nin a súa orixe; isto é, deféctase a existencia dun mal sen estudar as súas causas e dáse a receta. Receta que é unha serie de medidas a curto prazo —o horizonte de dous anos— e que non chegan a convencer de que ao cabo deste tempo non esteamos outra vez na mesma.

A inflación española non é unicamente unha inflación de costes, é unha inflación estrutural, debida á inexistencia dunha política económica coherente a curto e medio prazo, á ausencia de planificación e ao crecemento anárquico nos sectores industriais, xunto co incremento das actividades especulativas. Cun cli-

ma de creto oficial doado, protección oficial e inexistencia de sindicatos, xurde un empresariado que, salvo raras excepcións, é incapaz de lle facer fronte a unha situación semellante á de calquer país europeo. E por outra parte, no que fai referencia ao comercio exterior, a dependencia do Estado español verbo dos países extranxeiros é cada vez maior.

O problema do paro, en realidade, é moito peor do que se di. Xa que non se ten en conta o número de emigrantes nos países que tamén teñen que atravesar a crise económica. E falar da creación dun seguro de desemprego non é correxir o problema. A man de obra excedentaria nalgúns sectores débese ao crecemento anárquico devandito; do que non son responsábeles os traballadores.

O déficit exterior é un problema, difícil, venciado a outros problemas. Verbo das exportacións hai que ter en conta que no mercado internacional cada día hai máis competencia, e a industria española carece de competitividade, por mala calidade e baixa produtividade. E isto preténdese correxir coa redución de plantillas e a conxelación de salarios. No tocante á importación, o certo é que hai produtos dos que non se pode prescindir (o petróleo por exemplo) e hai outros dos que temos máis dependencia cada día (como é o caso dos alimentos). Pois estamos nun país agrícola que camiña cara a desertización, un país que deixa de ser agrícola sen chegar a ser industrial; que se ve obrigado a importar produtos alimenticios para poder exportar produtos industriais. De feito, depéndese a cada paso máis das grandes multinacionais da alimentación.

¿E frants a esto qué caste de medidas se toman? Simplemente coyunturais e monetarias. Tal e como se ven facendo en moitos países de América Latina. E que con-

ducen inevitábelmente ao fracaso. Todos os plans de estabilización do Fondo Monetario Internacional prometan a estabilidade dos prezos, o equilibrio da balanza de pagos en unión de medidas restrictivas da política monetaria e fiscal; sempre agardaban que despois dun período inicial de axuste as diversas forzas do mercado darían lugar a un duradeiro ritmo de crecemento na produción e a un mantemento do nivel de emprego.

Nós coidamos que as medidas adoptadas, a máis de inxustas, serán ineficaces; xa que os problemas —deixámolo dito— son estruturais, problemas de raíz.

## NO PLANO POLITICO

Desde o punto de vista político, o Pacto da Moncloa é o Plan Suárez.

Se é un pacto social, como se di, non se pode facer á marxe de importantes sectores, abor de todo cando son os máis implicados, como é o caso dos sindicatos e os empresarios. Como pacto centralista que é, ignora a existencia dos diferentes pobos do Estado español. O Pacto da Moncloa considera que os partidos representan a todo o Estado español, que as centrais sindicais representan a todos os traballadores. E isto é falso.

E un pacto feito á marxe das institucións parlamentarias. Co que se instaura un perigoso mecanismo de política de gabinete: unha especie de terceira cámara —únicamente comprensible en quen veñen acostumados a gobernar sen oposición e sen transparencia— que disocia a maioría parlamentaria UCD do goberno Suárez e convirte a oposición en rehán de democracia sobor da que gravita a espada de Damocles do feixismo. O parlamentarismo está en crise denantes da súa consolidación.

¿Quén poderá xustificar agora os

1.400 millóns de presuposto para os parlamentarios, para 400 mario-netas xesticulando nos seus escritorios ao dictado dos seus respectivos ventrílocuos? ¿Para qué un parlamento se entre catro vano amañar todo?

O responsábel desta situación é seguramente a propia oposición. Por non ter feito outra cousa que aceptar canto ten proposto Suárez. E velaí o estado dun proceso que se iniciou co abandono da creba democrática. Hoxe, a esta oposición non lle queda máis recurso que decir como Galileu eppur si muoveva.

A única xustificación é dicir que arranxen a situación os mesmos que nos conduciron a ela. Pero isto significa darlle unha carta branca á dereita. No fondo é deixar que a dereita intente resolver os problemas económicos: darlle á dereita un espacio de tempo hastra a redacción da constitución.

En fin de contas, este non é un pacto. É, simplemente, aceptar as propostas gubernamentais.

## CONSECUENCIAS

O grave risco deste proceso non está nunha explosión da clase obreira, acostumada a tempos aínda peores. O problema está no futuro abstencionismo que se está sementando. O grave, o perigoso, é a decepción daqueles para os que a política sempre foi bosta e o único que cambia son as moscas.

¿Cómo ser oposición se unicamente a dereita é capaz de consolidar e rematar o plan que encoutou? Córrase o risco, grave, do desarme político e moral dos partidos da esquerda.

Neste caso, é probábelmente a democracia a que está en perigo. Pois é difícil que a xente chegue a creer nuns principios que se comezan a transgredir desde o primeiro día. Mentres o medo ou os intereses parlamentarios firmaban na Moncloa, posíbelmente algo esencial se estaba destruíndo.

O feito de que o goberno non acepte negociacións con coordinadoras sindicais é unha consecuencia lóxica do Pacto da Moncloa. De feito, os firmantes do Pacto da Moncloa son os únicos interlocutores válidos xa que se responsabil-

zan do control das reivindicacións da clase obreira. E dalgún xeito, ésta é unha maneira de querer encuazar e capar calquer iniciativa de autoorganización dos traballadores.

## PARA UNHA ALTERNATIVA

¿Cáí sería a alternativa a un Pacto da Moncloa? No caso de ter que chegar a un consenso para saír deste difícil calaixón que é a crise económica, as condicións para chegar a un acordo debían ser as seguintes:

1.º Tería que ser un acordo a nivel Galicia. A nivel de Madrid o pacto sería a síntese dos acordos nas nacionalidades. Unha especie de pacto federal; un pacto entre iguais.

2.º Tería que contar con todas as forzas políticas sindicais e sociais.

3.º Tería que atacar os problemas económicos a fondo. Isto é, o atraso de Galicia. Coas bases dunha planificación democrática da economía galega e o seu desenvolvemento autocentrado nos nosos recursos.

E isto requiriría sentar as bases políticas que permitisen a creación dos organismos de planificación económica. E dicir, a existencia dun poder galego.



— XA TI VES PRA QUEN FIXERON A DEMOCRACIA SAIR, SAIR EN PORRANCHO, PRO SÓO PODEN VELAS OS QUE TEÑEN CARTOS PRA REVISTA.  
— E ASÍ FAN CON TODO.

## Problemas no ensino

O martes día 13 de nadal comezaba en cáseque todo o Estado español unha folga de 3 días dos profesores non numerarios de Institutos Nacionais de Bacharelato. Os catadráticos de I.N.E.M. teñen anunciada a súa para o intre en que o decida a Asamblea Nacional que se vai xuntar en Madrid polo Nadal. E esta pode ser unha das manifestacións que, de seguir as cousas como hastra aquí, poden levar a un colapso total do ensino medio. Razóns para supoñelo abundan.

O que se revela, cada pouco, máis inoperante é a Lei Xeral de Educación contra da que se dirixen agora os tiros dos profesionais do bacharelato. Esta lei, no seu día calificada polo Ministerio de Educación como a máis progresiva das que se tiñan feito no Estado español, pretendía poñernos ao nivel dos países desenvolvidos. Pero a pesares dunha activa campaña propagandística, axiña se lles mostraron aos ensinantes os atrancos que levaba consigo. Era unha lei para o ensino, nacida con teses capitalistas de selectividade, de oferta de man de obra barata para o que se ofrecía un ensino memorístico como denantes pero rebaixando o nivel. A universidade encarrilaría logo esas «evocacións» dotándoo do aparello científico que o bacharelato non lles foi quen de dar. Daquela viñeron os problemas da masificación da universidade e, xa que logo, e por vía de normalidade, a necesidade de eselectivizá-la.

Cara o exterior, cara a opinión pública, o actual bacharelato que se imparte nos centros do estado, está a perder aquela sona que facía dun bacharel superior o título máis cobizado despois do de licenciado. Compre sinalar que unha boa parte dos pais comezan a considerar a posibilidade de quitar os fillos dos centros estatais.

Razóns, se se mira polo groso, non lles fallan. O ensino estatal — e isto é extensible aos outros niveis — é un corpo tan doente que abrollan nel problemas a cotío: folgas de alumnos, folgas de profesorado, falla de material, etc., etc.

Nos primeiros días de nadal materializouse, por obra e gracia de UCD, un novo creto de 34 mil millóns de pesetas para subvencionar o ensino privado. Como no franquismo, o M. E. C. non tivo vergoña en reconocer outra volta cáles son os seus intereses.

E por se eso non fora mal dabondo, enfrenta os catadráticos de I.N.E.M. cos de Maxisterio, Comercio e Escolas Técnicas aplicando —súliña o M.E.C.— o contido da Lei Xeral de Educación.

Ese contido é tan maçoante para o conxunto do ensino medio que ven de enfrentar e dividir a agregados, PNN e catadráticos, profesionais todos que traballan nos mesmos centros. Hai xa unha verdade sabida por todos eles: o Ministerio de Educación e Ciencia ten Interés en desprestixiar o ensino estatal para poder xogar

coas mans ceibas na privada. Pero a pesares do dito tampouco se lle ofrecen máis saídas que a da folga aínda consentes de que se xoga cada pouco o porvir do ensino estatal. O M.E.C. non tivo reparos en xogar coas titulacións, desprezar o traballo dos ensinantes, dividílos en castes aliadas por privilexios que tiñan como misión defender un ensino autoritario.

Hoxe, que a vida académica — a pesares das eivas crónicas — pretende desenvolverse por canles democráticas, atópase pecha por tal mancha de atrancos que a fan conflictiva de seu. Pola contra, o ensino privado sal favorecido e mostra unha imaxe de seriedade e de traballo que lle enche o ollo a máis dun pai. Certo é que ignora o tipo de traballo, os salarios que se lle pagan ao profesorado, o número de horas que este ten ocupadas, etc. etc. Mais non se miran nel os problemas do ensino estatal. A chea de licenciados en paro que ofrecen o seu traballo polo que sexa fai posible esta situación. Esa chea de licenciados en paro son o triste froito dunha planificación do ensino universitario tan desaxetada que fixo milleiros de traballadores cualificados para os que non tiñan traballo que ofertar.

Doutra banda, e desde que «fritou» (ou se lles escorrentou) o proxecto de Constitución á correspondente comisión, a Eirexa voltou a se situar no lugar que sempre tivo: a reacción. Somentemente a posibilidade de que se ataque o privilexio de ensinar, devólvea á Edade Media porque era alí onde a ciencia tiña como misión achegar o home ao coñecemento de Deus. Agora haberá que reconocer que, pois a situación é a mesma, compre non a deixen abeirada, que o estado se convirta no seu patrón porque senón ¿vía a «liberdade de ensino»? Para eso nada mellor que argallar a entroidada de lle facer firmar aos pais dos seus alumnos un escrito para pedir que non se ataque tal dereito, e pedirilles que se manifesten diante do Ministerio de Educación e Ciencia.

Nós, socialistas galegos, o que entendemos por dereitos inalienábeles do neno son, no que toca ao ensino, dous: dereito a un posto escolar e a recibir o ensino en liberdades.

O ferveideiro no que vive hoxe o ensino — e samente temos falado do bacharelato — pode leválo a un camiño sen saída se os pais, as asociacións de veciños e os mesmos profesionais do ensino non se decatan da urxencia de elaborar unha nova Lei de Educación que recolla e leve á práctica os principios teóricos que — de certo — ha proclamar a Constitución.

Como declamos no comezo, o ano 78, de seguir as cousas como hastra aquí, vai traer tal defeita para o ensino medio que mesmo pode tollir dun xeito irreparábel a formación do alumnado.

Loitaremos por un ensino democrático, en liberdade, un posto escolar para todos os nenos e por un sindicato único de traballadores do ensino.

A. de AGUIAR

**AUTONOMIAS**

**«Como se» o fosen pero «sen que» o sexan**

Por VICENT VENTURA

O borrador da Constitución feito público mercede a unha eflitración lograda por excelentes xornalistas, que os de servizo nas Cortes teñen denunciado, como se non fose unha obriga profesional adiantarse na obtención e publicación da noticia, puxo de relevo o que era de agardar: en materia autonómica, cunha nomes ou outros para as mesmas institucións, non haberá diferencias. E dicir, que se segue partindo do mesmo principio según o cal a realidade non é diferente en ningunha das «nacionalidades» ou «regiones» como se di no texto, seguramente para que cada quen pille a calificación que lle conveña, como se se tratase dunha especie de autoservizo histórico. E así acontece que estamos onde estabamos despois do de Almansa: sometidos todos a unhas mesmas leis unificadoras.

Cando ún escribe estas cousas, ten de agardar que lle boten enriba os cans da «sagrada unidade da patria» que, se é *sagra* non será nunca, por suposto, unha *unidade*, senón unha represión. Exactamente porque non é unha opción. O que tería senso non sería un prato histórico único para todas as «nacionalidades» ou «regiones», senón a rectificación da historia dunha represión, que nos someta a todos —lámbrese o Decret de Nova Planta— «por el justo derecho de conquista» ás «leyes de Castilla». Xa non é Castela, hoxe, a que nolo impide, desde logo, porque tamén alí, como é natural, corren aires *comunes* de autonomía, senón os abrumadores intereses creados que se acumulan en Madrid, e non só nas súas dependencias máis ou menos oficiais e económicas, senón tamén nas burocráticas dependencias políticas de bastantes —cáseque todos— partidos da chamada oposición. Eses abrumadores intereses cóbreense coa capa da famosa «sagrada unidade», que todo o tapa, como ocorre con todas as capas.

Que o perímetro peninsular ten suscitado paralelismos e hastra converxencias históricas é un feito real. Non podía ser doutra maneira. A empresa da Reconquista, por exemplo, partiu de diversos puntos —de diversas nacionalidades— e non podía deixar de constituir un lugar de coincidencia. Pero coincidencia non é identidade. Cada nacionalidade tivo a súa historia, a súa Coroa, a súa cultura, e por que se tería de utilizar a represión para organizar a convivencia?

Polo demás, non se trata só de convivir sen sometimento sendo cada pobo el mesmo. —podéndose ser sen cometer por eso ningún delito de lesa patria, o cal xa sería diabondo, porque a historia demostra que sen o autogoberno de cada pobo non hai democracia, e que os breves períodos democráticos do Estado español cadaron sempre coas aspiracións autonómicas, como sucede cos muelles cando se liberan da forza que os oprime—, senón que se trata tamén de eficacia, de aproveitamento hastra o máximo posible de todos os recursos. O cal ten unha soa posibilidade de se lograr: que cada pobo atope de inmediato o seu propio goberno, o goberno das súas potencialidades naturais e humanas. A distancia, todo funciona distante, é dicir, mal e en beneficio duns poucos, dos aparatos burocráticos, sexan oficialmente establecidos ou permanezan en expectativa de se establecer, trátense do partido ou partidos no poder, trátense do partido ou partidos na oposición. E así ocorre que, manden os que manden, se mandan cos mesmos aparatos unificadores, coas mesmas camisas de forza, apenas cambian outras cousas que os nomes das persoas e o léxico dos discursos.

A democracia empeza desde abaixo a subir; non baixa desde arriba. Son os pobos diferentes os que deberían ceder os seus poderes á converxencia do seu perímetro peninsular e non ao contrario, como está ocorrido ou vai ocorrer. Mais será comente deixar claro que, se ocorre eso, non é por ningunha razón máis ou menos *sagra*, senón polos *sagros* intereses creados desde que comezou a broma con aquilo do «justo derecho de conquista» invocado por Felipe V. O demás non é Historia, senón que son historias. E as historias son outra cousa.

Falo de intereses creados que van desde os que se basan en acumular poder económico, para o cal é necesario acumular poder político, hastra a pura e simple nómina dun escalafón burocrático calquera que necesita moitos escalóns para trepar e resistese por eso mesmo á variedade de escaleiras en favor da escaleira única. Pero ¿non é inmoral que eses intereses se escuden na invención de intereses máis ou menos *sagros*? Como é inmoral que se nos fale de «solidaridade» cando resulta evidente que a solidariedade verdadeira sería a que nacera da personalidade realizada de cada pobo para poder ser solidario. E fábase do caro que é autonomizarse, cando o caro é que todo vaia parar a un fondo común para que faga despois un mermadísimo camiño de regreso no que non se ve —al están as «nacionalidades» e «regiones» subdesenvolvidas para demostralo— beneficio ningún, senón todo o contrario: un costoso despilfarro do que temos mostras cada día.

E este é o asunto ao que quería chegar. O lector terá visto que neste borrador de Constitución non só as autonomías son de talla e corte únicos, o que evidencia o pouco interés —ou ningún interés— que existe en rectificar a historia e permitir que cada pobo diferente a continúe onde lla fixeron deixar, senón que carecen do control dos recursos propios. Todos lán para a un fondo común desde o que, despois, como antes e como sempre, chegará o que chegue a cada «territorio autonómico». En todo caso, se o desexan, poderán engadir impostos propios, debidamente autorizados, aos que teñan de recaudar para enviar a Madrid.

E non é que ún careza de sentido da realidade. Madrid existe, está aí e convertiuse en algo máis que unha capital administrativa: neso que se chama «Madrid-Región», é dicir, unha «rexión» máis —de esa nacionalidade que viu e luz cos Decretos de Nova Planta— e que ten ao seu favor algo ao que, por suposto, non

pensa renunciar, é dicir, o usufructo da proximidade —a inmediatez— do poder, de todo poder, do que se exerce e do que está en expectativa de exercicio. Eso está aí, non hai quen o borre e hai que contar coa súa forza abrumadora; pero trátase de que non fose tan abrumadora. Deberíase tratar. Mais non van, membragantes, por aí os tiros. Os tiros van por onde sempre, é dicir, por funcionar «como se» pero «sen que». Como se houbera autonomías, pero sen que as haxa. Para o cal non só está Madrid, que se reserva todos os dereitos: os de financiar ou non financiar, os de suspender ou non suspender, etcétera, senón que están os moitísimos —infinitos— adscritos aos intereses creados, desde nóminas e escalafóns hastra burocracias máis ou menos políticas. Están os que falan de Estado Rexional para non falar nin siquera de Estado Federal (tanto menos de Confederal e moito menos aínda de autodeterminación!)

Así pois, seguiremos dependendo, como sempre, de que uns Ministerios remotos esquezan a nosa realidade económica, a nosa realidade cultural, etcétera. E para ese viaxe ¿pagan a pena tantas discusións que dese xeito convirten en bizantinas?

Cecais aí, cecais estas discusións deixen, polo menos, algo en claro: quén teñen dabondo coa ficción e quén quixaran rectificar a historia torta polo «justo derecho de conquista» e continúa no punto en que quedou cando aquilo de Almansa, aínda non esquecido pola memoria histórica que se vai recuperando pouco a pouco.

Pero ha quedar claro que a ficción é, sen dúbida ningunha, tempo perdido. E non só para a recuperación do idioma, a cultura, a historia, senón para o que son as cousas, o que as anche de sentido: a industrialización coerente e ordenada en lugar de espontánea e librada aos recursos de cada quen; a salvación da agricultura; o melloramento da calidade da vida; etcétera.

**VAN 45 ANOS DA ASAMBLEA DE MUNICIPIOS DE GALICIA**

Durante os días 17, 18 e 19 de nadal de 1932 —cúmplense agora 45 anos— celebrouse en Santiago de Compostela aquela Asamblea de Municipios de Galicia na que se discutíu e se aprobou compridamente o Estatuto de Autonomía polos representantes dos concellos galegos.

Traemos a conto esta data histórica —que como todas as referidas ao desenvolvemento propio de Galicia foi nos coidadosamente agachada— para información das novas xeracións galegas e mesmo das que xa non son tan novas.

**SESENTA ANIVERSARIO DA REVOLUCION SOVIETICA**

Este ano cúmplense 60 da revolución soviética. E non queremos deixar de lembrar esta data. Porque a revolución rusa de 1917 constitúe un punto eixo na historia. E ben pode ser considerada o acontecemento máis grande do século vinte. O mesmo que a revolución francesa, a revolución rusa seguirá polarizando a opinión mundial: para uns constitúe un mito na emancipación da humanidade, outros denúncianla como un desastre e unha calamidade.

O certo é que a revolución rusa presentou o primeiro desafío aberto ao sistema capitalista xa empoleirado no remate do século XIX. Mais non chegou a conseguir os obxetivos que se tiña proposto a si mesma. Nin satisfizo as esperanzas xeneradas. Poderase dicir que o seu historial está luxado e é ambiguo. Pero tamén se dirá que sido a fonte de repercusións máis fondas e duradeiras no mundo enteiro que ningún outro acontecemento histórico da época moderna.

E.H.C.



**DECIMO CABODANO DA MORTE DO CHE**

Con motivo de cumprirse neste ano o décimo cabodano da morte do «Ché» reproducimos a continuación —en sentida lembranza— un anaquiño do seu pensar.

Déixeme decirlle, co risco de parecer ridículo, que o revolucionario verdadeiro está guiado por grandes sentimentos de amor. E imposbel pensar nun revolucionario auténtico sen esta cualidade. E cecais sexa ún dos grandes dramas do dirixente; éste debe unir a un espíritu apalxoado unha mente fría e tomar decisións doosas sen que se lle contraia un músculo. Os nosos revolucionarios de vangarda teñen que idealizar ese amor aos pobos, ás causas máis sagras e facelo único, indivisíbel. Non poden descender coa súa pequena dose de carifio cotián cara os lugares onde o home común os exercita. Os dirixentes da revolución teñen fillos que nos seus primeiros balbuceos non preenden a nomear ao pai, mulleres que deben ser parte do sacrificio xeral da súa vida para levar a revolución ao seu destino, o marco dos amigos responde estrictamente ao marco dos compañeiros da revolución.

Non hai vida fóra dela. Nesas condicións hai que ter unha grande dose de humanidade, unha grande dose de sentido da xusticia e a verdade para non caer en extremos dogmáticos, en escolasticismos fríos, en alimento das masas. Todos os días hai que loitar para que ese amor á Humanidade vivinte se transforme en feitos concretos, en actos que sirvan de exemplo, de mobilización.





# HISTORIA DUNHA USURPACION

El «Partido Socialista de Galicia-PSOE» está muy cerca del «PSG» (Modesto Seara)

PONTEVEDRA.—(De nuestra Delegación, por J.L. Adrio).

partido, concretamente el Partido Socialista Galego (P.S.G.)?

en todas nuestras reuniones y asambleas; con apasionamiento, pero al final se llegó a un

Modesto Seara Vázquez de

Nosotros estamos muy cerca del Partido Socialista

acuerdo con mayoría bastante

miércoles, 9-noviembre-1977

La Voz de Galicia

El «PSG» acusa de «oportunista» y «confusionista» al «PSOE»

● «A adopción Frente a la suplantación de sus siglas galego»

● Lo emplazar socialismo y articulación

El Partido Socialista Galego reivindica el socialismo y el nacionalismo

Emplaza al PSOE a un debate público sobre el socialismo gallego y su unidad ● «El PSG acogería con alegría el avance de las tesis socialistas en un partido como el PSOE que en 1936 negó el Estatuto de Autonomía de Galicia»

Explicaciones de la Federación Gallega del «PSOE» sobre el cambio de nombre

«La idea vino del sector más galleguista del partido y su intención no era enfrentarse con el «PSG» sino la de acercarse a él»

Partido Socialista de Galicia - PSOE, nueva denominación del partido para Galicia

EL «PSOE» NO INTENTABA ENFRENTARSE CON EL «PSG» SINO ACERCARSE MAS A EL

ESCRITO DE 24 PERSONAS CONTRA LA DENOMINACION PSG-PSOE

Encabeza la lista de firmantes el académico Marino Dónega

● «La idea vino del sector más galleguista», asegura Modesto Seara

# A USURPACION

O martes, día 8 de novembro pasado, a prensa nacional recollía con grandes titulares a noticia de que en Congreso Extraordinario celebrado en Compostela, a Federación Galega do PSOE decidira trocar o seu nome polo de Partido Socialista de Galicia-PSOE, coas siglas P.S. de G.-P.S.O.E.

Según declaracións dos portavoces do partido na roda de prensa celebrada o luns, día 7, «el cambio de denominación no supone una ruptura con el PSOE, sino que por el contrario es un reforzamiento del sentido federalista del partido». E tamén que «supone la voluntad de reforzar la estructura del PSOE en Galicia y la intención de que todos los socialistas gallegos estén unidos».

Pola súa banda, Modesto Seara Vázquez, flamante segredario xeral da Comisión Executiva do PSOE en Galicia, respobsta ás preguntas feitas por un xornalista de «La Voz de Galicia» en Pontevedra:

—«Nosotros estamos muy cerca del Partido Socialista Galego en las concepciones políticas, en el deseo de implantar el socialismo en Galicia, no vemos la ne-

cesidad de que haya una diferencia entre los dos. Ahora, en lo que afecta al nombre hay una diferencia clara, y es que en primer lugar el nuestro no es el PSG, sino el PS de G-PSOE, que creo que establece claramente las diferencias».

## A NOSA REACCION

Como queira que nós non participásemos da opinión de Modesto Seara e non víamos a clara diferenza entre as siglas, e estimábase que as siglas P.S.G. pertencían por dereito propio e que o uso das mesmas por parte do PSOE non pode ser calificado máis que como *usurpación* do patrimonio alieo, a nosa reacción non se fixo esperar. O mesmo día 8, o PSG convocou unha roda de prensa en Compostela para acusar de oportunista e confusionista ao PSOE, e emplazalo a un debate público sobor do socialismo galego e a súa unidade.

O PSG fixo entrega aos representantes dos distintos xornais dun comunicado co texto seguinte:

## COMUNICADO DO PARTIDO SOCIALISTA GALEGO (P.S.G.)

O Partido Socialista Galego (PSG), ante a adopción pola Federación Galega do Partido Socialista Obrero Español (PSOE) do nome de Partido Socialista de Galicia, fai constar:

A) Que, se a adopción deste nome significase a asunción real do *socialismo galego*, tal decisión implícarla:

1.— O recoñecemento do dereito de autodefinición do pobo galego, e, xa que logo, a constitución das súas forzas políticas propias.

2.— Admitir a necesidade dun único partido socialista en Galicia, plenamente soberano, cunha estratexia propia cara a construción dunha sociedade socialista, *para e por* o pobo galego.

3.— A aceptación polo PSOE dunha estrutura organizativa, que conxugue a plena independencia de cada partido nacional cun artellamento federal a nivel de Estado.

Se así fose, o Partido Socialista Galego (PSG), acollería con ledicia o avance das teses nacionalistas sobor da mala conciencia dun partido como o PSOE que negou o Estatuto de Autonomía de Galicia en 1936, e hoxe quer ser o «Partido Socialista de Galicia»; isto é exactamente o que é o Partido

Socialista Galego (PSG). En calquer caso, o Partido Socialista Galego reafirma unha vez máis a que foi a súa arela fundamental sempre: a unidade do socialismo galego e que ningún lle pode reprochar ter impedido desde o seu nacemento en 1983, como primeira organización chamada socialista galega.

B) Que se, pola contra, a adopción de tal nome significa a vontade de crear unha confusión na opinión pública mal informada, manipulándoa oportunisticamente, e que só beneficia a quen vive dela, co propósito de arrasar todo intento de expresión e organización política autóctona dos pobos do Estado español, co mesmo espírito imperialista con que os socialistas franceses masacraron aos socialistas arxelinos, os laboristas ingleses aos irlandeses, os israelíes aos palestinos, os irakíes aos kurdos, e tantos outros exemplos tristes... estase establecendo unha división máis no seo da esquerda, vergoñosamente e xa dabondo enfrentada, que non vai defender precisamente os intereses dos traballadores galegos que se invocan.

En todo caso, o Partido Socialista Galego verase obrigado a:

1.— Presentar cantas reclamacións administrativas e xudiciais considere necesario.

2.— Solicitar a solidariedade das forzas políticas e sindicais da mesma maneira que, en circunstancias e por razóns ben diferentes, reclamáounas o PSOE ante a legalización do PSOE-histórico.

3.— Emplazar ao Partido Socialista Obrero Español (PSOE) onde, cando e como queira, a un debate público de clarificación encol da razón de ser e da identidade do socialismo galego, da unidade dos socialistas galegos e do seu artellamento a nivel de Estado.

O Partido Socialista Galego (PSG), tal e como ten aprobado nas súas xornadas congressuais do mes de abril en Lugo, afirma que «como partido, non temos nada que conservar, nin burocracia que situar, nin carreiras políticas persoais que salvagardar, e que estamos dispostos a someter a discusión a nosa concepción do socialismo galego e a fundirnos con quen compartira esa concepción e a practiquen. E eso chámase xenerosidade política e humildade revolucionaria pola nosa banda».

PARTIDO SOCIALISTA GALEGO,  
9 de novembro do 77

# SOBOR DA USURPACION DUNHAS SIGLAS

En días sucesivos a prensa nacional recolleu as opinións de diversos membros do PSG: Siro López Lorenzo, membro da Segredaría Colexiada, ocuparía o espazo «Contraste de pareceres» do xornal «El Ideal Gallego» co artigo que reproducimos de seguido:

«Son galegos e non conciben que Galicia poida salvarse cunha política honrada. Son galegos e non saben que Galicia necesita unha política súa, para conseguir o desenvolvemento normal da súa economía. Son galegos e non se decatan da necesidade dunha política que garantice a vida da nosa cultura. Son galegos e non saben que temos un destino histórico que cumprir, en España e no mundo.»  
(Castelao en «Sempre en Galiza»)

Hai poucos días chamáronme de «Diario 16» para me pedir dese resposta a unha enquisa que o xornal estaba a facer sobor da Federación Galega do PSOE entre xente de distintos grupos políticos. Poido máis a miña natural cortesía que os meus recoños, e, falando a nivel personal, esforcéime en ser obxectivo e respetuoso nos meus xuízos sobor duns compañeiros socialistas, nos que se confía cheguen a entender a peculiar problemática do noso pobo.

E verdade que o PSOE mostrárase radicalmente antigaleguista nos anos anteriores ao 36, hastra o punto de negar o noso dereito ao Estatuto.

E ben certo que o PSOE xamais mostrou a menor vontade unitaria nin solidariedade ningunha cos demais socialistas do Estado, senon máis ben todo o contrario. Non esquezno que o PSOE autoexcluíuse da Conferencia Socialista Ibérica, e que despois torpedeou a Federación de Partidos Socialistas coa pretensión de hexemonizar a política socialista en todo o Estado.

Sei das múltiples ocasións en que o PSOE puxo en evidencia que na práctica non asume en absoluto o Federalismo.

Teño moi presentes as ocasións en que o PSOE acusou ao PSG de vir dividir o socialismo aquí na nosa propia terra!

Lembro moi ben todos os pecadillos de soberba que o PSOE cometeu por ter os petos cheos de marcos, rublos, floríns...

E, nembargantes, todo eso poderíamolo e deberíamolo superar porque por riba dos intereses e o orgullo do PSG están para todos nós os intereses de Galicia, e

porque en varios documentos explicitamos que a nosa dinámica nacionalista debe ser tal que atraia e non repela ás forzas de esquerda situadas fóra do galeguismo.

Mais a situación é ben diferente desde o intre en que a Federación Galega do PSOE decidiu trocar o seu nome polo de PSG-PSOE.

Se de calquer xornal pedisen a miña opinión deste cambio de denominación, non dúbida en responder que se trata dunha maniobera torpe e inmoral, impropia dun partido que se di «socialista».

Torpe, porque por moitas voltas que se lle dea ao novelo, trátase dunha apropiación indevida, inxustificada e inxustificábel, das siglas que o PSG veu usando desde o ano 64, co apoio que lle dan un ideario político propio pensado unicamente para a defensa dos dereitos do pobo traballador galego, e a asunción do mesmo na práctica de cada día.

Torpe, porque as xentes medianamente informadas terán por forza que considerar:

—Se o PSG non alterou o máis mínimo a súa concepción doctrinal, nin os seus obxectivos estratéxicos, nin a súa práctica política.

—Se o PSG non cambiou de nome para asemellalo ao do PSOE, e, pola contra é a FSG do PSOE a que percura a semellanza co PSG.

—Se o Segredario Xeral da FSG do PSOE declara á prensa que o seu partido está moi perto do PSG.

Lóxicamente haberán de deducir que a razón estriba co galeguismo e, consecuentemente, co PSG.

Torpe, porque a pesares do fervereiro político dos últimos anos, os galegos non temos tan mala memoria que esquezamos a perrancha do PSOE (R) cando foi legalizado o PSOE (H), con portazo incluído de Felipe González na Comisión Negociadora de non sei qué negociación.

Torpe e inmoral, porque esta acción só pode entender a confusión da xente mal informada, co que en vez de tentar despertar a súa conciencia política, esterase a colaborar na súa alienación.

Coa desinformación das nosas xentes contaron sempre os caciques galegos e sempre colleitaron boas ganancias. Pero, que eu saiba, ningún cacique galego botouse xamais de socialista. Tefen certa ética.

Pode que quen promoveron o cambio de nome

pensando nas futuras ganancias anden atinados, e que nas próximas eleccións, de seguir con estas siglas, o PSG-PSOE recolla aínda máis votos: os conscientes e máis os alienados. Pode que así sexa, pero eu non podo menos que lembrar a frivolidade daquel mozo que mentres contaba os cartos da herdanza, pensaba: «Mi mamá fue pobre, pero honrada; mi papá, por suerte, no».

Velal cómo diría a quen me preguntase sobor do troque do nome. En canto á posíbel evolución da xente do PSOE en Galicia de cara ao nacionalismo, penso que é certo que no PSOE está a xurdir un sector que vai asumindo con sinceridade o feito nacional galego, pero o que non podo creer é que fose ese sector quen promoveu o cambio de denominación. Senon que, pola contra, quero esperar deles o maior esforzo para saír desa situación de noxo.

Ante a conversión milagreira do novo Segredario Xeral que declara estar ideolóxicamente hoxe moi perto do PSG, cando non hai moito tempo dixo nunha conferencia no Grobe que a bandeira galega é un farrapo e o himno galego unha tonadilla, abondaría con sorrir, poñer as figas e rosmar (Melgas fóra!) Pero a situación é moito máis grave, porque tras do feito irresponsábel, inmoral e oportunista da usurpación das nosas siglas pola FSG do PSOE, está non só a agresión directa ao PSG, senón e bulra e o desprecio a todo o nacionalismo galego e a cantos fan política galega sin imposicións hexemónicas de ningunha casta.

Da tan cacarexada unidade dos socialistas, repetiría porque sigue tendo plena validez o que tantas veces dixemos: Trátase dunha vella arela pola que o PSG ten laborado e sique disposto a laborar. Por eso estamos dispostos a andar o único camiño válido: encetar un proceso de unidade que consista no debate da formulación doctrinal, os plantexamentos estratéxicos, as fórmulas organizativas e a práctica política do socialismo en Galicia. O demais é retórica e simple demagogia.

E a nosa postura é así de clara, porque como afirmamos hai tempo, e seguíamolo a afirmar, nós como partido non temos nada que conservar, nin burocracia que situar, nin carreiras persoais que defender. A honestidade política é unha das nosas armas.

SIRO LOPEZ LORENZO

## COMUNICADO DO FRENTE OBREIRO

O Frente Obrero do PSG dirixiuse a Modesto Seara cun comunicado no que sinala as diferenzas entre ún e outro partido, desde a perspectiva sindical:

Para que o seu partido comezase a estar perto do PSG entre outras teses sería necesario unha vontade de compromiso coas clases oprimidas do pobo galego. Compromiso que se podería concretar nas próximas eleccións sindicais, en base a candidaturas unitarias, abertas e democráticas, baseadas en asambleas de empresa debidamente informadas e coa participación dos traballadores.

Vontade de compromiso co pobo galego que se manifestaría na construción da «Central Sindical Unica Galega», artellada en pé de igualdade coas demais centrais do Estado español.

O Frente Obrero do PSG está a loitar por levar adiante un proceso dentro das clases traballadoras galegas, que remate na construción da «Central Sindical Unica Galega», porque coñecemos que o sindicalismo dos distintos pobos do Estado español tense que desenrolar de acordo coa situación política, económica e social de cada un deles. Polo tanto, estratéxica, táctica e ideoloxicamente, terase que facer en función das diferentes situacións de cada pobo. Daquela, cara Galicia ten que respostar á nosa situación da nación colonizada.

Central Sindical Unica Galega, independente dos partidos políticos, para que en todo intre loite pola unidade dos traballadores, o PSG non está por un sindicato como correa de transmisión dun partido.

Por todo o devandito, ¿cómo o señor Seara pode facer tal afirmación de que el Partido Socialista de Galicia está muy cerca del PSG?

Señor Seara, os traballadores galegos somos coñecedores do compromiso do seu partido co «Pacto da Moncloa». Coñecemos as consecuencias da redución de plantillas no 5%. Percatámonos de que o 22 por cento de aumento significa unha clara discriminación co país galego, onde estamos a sufrir salarios de fame, o paro e a emigración.

Non somos ignorantes da división que provocaron no seo da Federación Galega da USO, pola intención da UGT (Sindicato Correa Transmisión do seu partido) de esmagala e absorbela.

## RESPOSTA DA MOCEDADE

Tamén a Mocidade Socialista Galega expresou o seu sentir ante a que calificou de apropiación indebida, máis propia dos imperialistas que dun partido democrático.

As Mocidades Socialistas Galegas (M.S.G.), diante do sorpresivo cambio de siglas da Federación Socialista Galega do P.S.O.E., ven facer público o seguinte: «Un espazo político determinado non é delimitábel por unhas siglas».

Somente unha práctica política continuada ao servizo do pobo galego e os seus intereses de clase e nacionais, desde unha perspectiva socialista, define o específico campo do socialismo galego.

Nunha conxuntura como a actual, caracterizada polo alto grao de confusión e división na esquerda galega, estes feitos veñen clarear, (se xa non estaba claro dabondo), a postura oportunista de quen respostando a non sabemos qué intereses promovemos.

A unidade do socialismo galego que desexamos, ten de ser un proceso dialéctico cun presuposto básico: a loita pola liberación nacional e social do pobo galego. Quen así non o entenda, estará a actuar na práctica contra esa unidade.

As afirmacións do Modesto Seara, secretario xeral do P.S.O.E. en Galicia, no senso de que estamos muy cerca del P.S.G. son atribuíbeles a unha desafortada subxetividade, froito dun total desconocemento, ou ben do que é o P.S.O.E., a súa estrutura interna e os seus vencellos coa socialdemocracia europea, ou ben do que o P.S.G. é.

Mal servizo pode facer unha «apropiación indebida» de siglas, (actitude máis propia dos imperialistas que dun partido democrático), ás arelas de achegamento e de unidade dos socialistas das que o PSOE tanto fala.

Esperamos que un partido democrático como o P.S.O.E. é sexa capaz dunha fonda autocrítica e dunha reconsideración da súa postura, a cal, por outra banda confiamos que sexa minoritaria no seo da organización en Galicia do P.S.O.E.

A Mocidade Socialista Galega (MSG) organización que axunta no seu seo a mozos socialistas e nacionalistas, reafirma o seu apoio ao Partido Socialista Galego, único exponente válido do Socialismo Galego hoxe».

## AS XUSTIFICACION DO PSOE

Ante a firmeza das manifestacións do PSG, a Federación Galega do PSOE bullu a xustificar a súa actitude. Primeiro foi o propio Modesto Seara quen declarou a «Cifra» en Madrid, da idea de cambiar de nome vino del sector máis galeguista del partido, y su intención no era enfrentarse con el PSG, sino la de acercarse a él. Con argumentos semellantes defendeu o troque de nome en conversa telefónica coa delegación en Ourense de La Voz de Galicia:

«Como ya expliqué, en el cambio de nombre el propósito fue el contrario. No fui yo, ni la agrupación de Ourense quienes propusimos la modificación. La propuesta vino de tres agrupaciones, entre ellas la de Vigo, y vino de los sectores del partido que sienten más necesidad y simpatía por un enfoque gallego del socialismo. Se hizo casi como una concesión de los demás a ellos. A ver si a través del cambio de nombre se iba, como otro medio más, a la unión con un partido que, diga lo que se diga y aparezca en la prensa lo que aparezca, nosotros nos sentimos unidos. Y no me expreso así por estrategia o táctica.»

Logo sería Manuel Soto Ferreiro, secretario xeral do PSOE en Vigo e membro do Comité Nacional Galego, quen faría pública na prensa unha carta dirixida ao PSG, cujo texto íntegro reproducimos textualmente:

«Queridos irmans:

Leín con moita pena unhas declaracións que coído non lle fan moito ben as arelas de unión de tódolos socialistas galegos, tan afondadas nos compañeiros que estamos orgaizados no «PS de G-PSOE».

Porque no derradeiro Congreso extraordinario celebrado fai poucos días en Pontevedra, aprobamos unha ponencia política que ten un capiduo específico adicado a percorer a unidade de tódolos socialistas galegos nun

soío partido. E compre resaltar que ise capiduo foi aprobado sin unha soia opinión en contra. Obedecida todo isto a pensar que é moitísimo o que nos une e moi pouquiñas cousas as que nos diferencian.

Partimos do feito de que Galicia é unha nación, e polo tanto o pobo galego, ten que autodeterminarse. E nise proceso, nos temos a alternativa política do artellamento federal co resto dos pobos que componen o Estado español. Outros que están polo separatismo, pensan que Galicia debe ser independente, outros pensan nunha descentralización a que lle chaman autonomía, e outros pensan dun xeito nidamente centralista.

Pro ceais convendría matizar pra deixar ben craro que o noso prantexamento federal é solidario, porque está contemplado dende unha perspectiva de crase, e polo tanto marxista. Ou dito doutro xeito, que as nosas alternativas federal e socialista, son indiosociabais.

E para que non pensedes, queridos irmans, que estes pensamentos poden saír somente dunhos cantos militantes do noso partido, transcribo parte das resolucións adoutadas no noso Congreso deantes citado.

«Coñecemos que a marxinxión e opresión da crase traballadora galega perante séculos (afondada nos derradeiros 40 anos feix-centralistas), nos aspectos políticos, económicos e socio-culturais (algún deles de xeito colonizante), son os factores fundamentais que determinan a situación de subdesenvolvo na que se atopa o pobo galego, por iso, os socialistas galegos entendémola loita do noso partido como un instrumento da crase traballadora en Galicia, e dos galegos emigrados, pro conquirimento da súa completa emancipación, coma clase explotada e como pobo oprimido. Polo tanto o «PS de G-PSOE» manifesta a súa vontade de loita polo inalienábel dereito do pobo galego a súa autodeterminación».

Esí enceta a declaración de principios aprobada no noso derradeiro Congreso extraordinario, celebrado en Pontevedra fai unhos días.

Doutra banda, o artigo primeiro da ponencia de «Organización e estatutos» aprobada, define a nosa organización coma un partido político integrado de xeito federal, co resto dos socialistas do Estado español, no Partido Socialista Obrero Español. Di tamén ise artigo que o partido é «autónomo e soberán para desenrolar a súa labouira na nacionalidade galega e na Galicia emigrada».

¿Parécenos estraño que con isas resolucións, que xa viñamos practicando, nos chamamos Partido Socialista de Galicia? ¿De verdade creades que algun pode confundir as siglas «PS de G-PSOE» coas vosas de «P.S.G.»? ¿Non coñades, coma nos, que ise cambio de nome é unha man tendida sinxelamente a procura da unidade? ¿Du xa esquecimos todos o que pasou o derradeiro 15 de xuño e polo tanto quen é o nemigo común?

Pra rematar, queridos irmans, conste que renuncio de antemán a calquer tipo de polémica pública pro creelo penudicial pra causa do socialismo galego en xeral, pro: ¿tedes un concepto de partido de clase, de masas, marxista, democrático, autosexionario, federal, internacionalista e revolucionario? ¿Coñades que é millor a alternativa republicán ca monárquica no camiño de transición a sociedade socialista?

Si pensades que sí, coma nos, sentámonos nunha mesma táboa cos ollos limpos e a fronte erguida, e seguro que nesa xuntanza de traballo, indo con iste espírito, atoparémolo viello axaltado pra unidade. Coído que isa é a primeira e millor labouira que podemos facer a prol do socialismo galego.

Saúdos socialistas. Fdo. Manuel Soto Ferreiro».

## O PSG A POÑER PUNTOS NOS IES

A carta de Soto Barreiro, de tono un tanto franciscano, non deixaba de ser unha declaración de boas intencións, e foi respostada polo Secretario de Coordinación da Sección Territorial de Vigo do PSG, Pedro Pereira Carballo, co artigo seguinte:

«Como secretario de Coordinación da Sección Territorial de Vigo do Partido Socialista Galego (PSG) — e sen pretensión polémica, mais sí coa de aclarar públicamente e para ben do socialismo galego delca onde é certa a súa afirmación de que son amoi pouquiñas cousas as que nos separan — considérome na obriga de respostar a carta que nos dirixiu aos socialistas galegos nestas páxinas, o pasado día 13, Manuel Soto Ferreiro, secretario xeral da Agrupación Socialista de Vigo do «PSOE». Farei no esquemáticamente.

1.— O NACIONALISMO.— Coído que os socialistas do «PSOE» debedes empezar por aclarar se vos decidides pola Galicia región de Felipe González ou pola Galicia nación de Manuel Soto.

2.— A UNIDADE.— Pois que o «POSE» teña presionado delca fixar en 15 o número mínimo de parlamentarios para constituir un grupo Parlamentario (para excluir aos socialistas do «PSP» e aos grupos das nacionalida-

des) a máis de que os dirixentes do «PSOE» se teñan manifestado por concurrir en solos as próximas eleccións municipais se cada é unha nova proba unitaria.

3) A MEMORIA.— Claro que non esquecemos o que pasou «o derradeiro 15 de xuño». Nin tampouco o por qué de chegar dividida a oposición á confrontación electoral. A negativa rotunda a participar nunha alianza federalista «para defender nas futuras Cortes Constituintes a elaboración dunha constitución federal para o Estado español, tal como teóricamente defende nos seus principios o «PSOE», é algo que está na memoria de todos.

4) AS DIFERENCIAS.— A nosa concepción dunha federación de partidos socialistas como forma de coordinación do socialismo a nivel de Estado, conseqüente co artellamento federal deste, non é precisamente a integración dos partidos socialistas no «PSOE», por máis que este sexa un partido federal. A nosa defensa dunha central sindical única galega, independente dos partidos, non cadra moito que se diga coa utilización do sindicato como correa de transmisión, caso precisamente da «UGT». Para nós, non poderá ser marxista, revolucionario e autosexionario un partido asecural da Socialdemocracia europea, representando os seus intereses no Estado español. Un partido que pretenda a construción dunha sociedade so-

cialista para e por o pobo galego... non sentirá a tentación de presentar un senador por Palencia, como ten a Federación Galega do «PSOE». Un partido federalista non poderá firmar un pacto centralista, que ignore as diferenzas existentes entre os pobos do Estado español... As diferenzas entre o Partido Socialista Galego («PSG») e o Partido Socialista Obrero Español («PSOE»), pois, non están nas opinións individuais e subxetivas dalgúns militantes, senon na concepción dos dous partidos no que se refire á definición de Galicia como nación, o artellamento federal do Estado, a unidade do socialismo e mesmo a súa construción.

5) SENTARSE NUNHA MESMA TABOEA.— O Partido Socialista Galego («PSG») réxese por unha ética política que lle fixo considerar adversario ao Partido Socialista Obrero Español («PSOE»). Este ven tratarse como inimigos. Pois que se saiba unha vez máis: O «PSG» está disposto a discutir todos os temas en cuestión arredor dunha táboa con todos os socialistas. E quer que se faga coas portas e ventás abertas de cara a opinión pública, para que o pobo galego poida saber por si mesmo quen é cada quen.

Con saúdos socialistas galegos»

## MOSTRAS DE SOLIDARIDADE

Diversas forzas políticas e sindicais fixeron pública a súa solidariedade co PSG. Primeiro foi a UPG LP, quen logo de se identificar cos compañeiros do PSG que acusan de oportunista e confusionista ao PSOE, e de expresar as súas dúbidas ante a postura autonomista deste partido, remataban preguntándose: «¿Cómo podemos creer que nos van traer a soberanía aqueles que día a día atentan contra da soberanía do pobo galego?».

Despois virían as adhesións do Partido Socialista Popular, do Partido Obreiro Galego e da Unión Sindical Obreira.

Os comentaristas políticos en Galicia trataron tamén o tema: Gacifino na súa «Galicia Política», crónica dominical de El Ideal Gallego, daba como titulares «EL PSOE ALEJO LAS POSIBILIDADES DE UNIDAD SOCIALISTA». «CON SU APROPIACION DE LAS SIGLAS DEL PSG, HA COMETIDO UNA AGRESION AL NACIONALISMO GALLEGO». Recollemos unha escolma do mesmo comentario:

El golpe de mano de la Federación Socialista Gallega del PSOE, transformándose en Partido Socialista de Galicia, ha sido la noticia política de una semana, que se abrió con la euforia de una convocatoria unitaria en Vigo por la autonomía y se cierra con el portazo momentáneo del Gobierno a los negociadores de la preautonomía gallega, ahora que piden pre autonomía hasta en La Mancha.

Este «rosario de la aurora» en que terminó el Congreso de la Federación Gallega del PSOE viene a ser una muestra más en favor de quienes acusan al partido de Felipe González de no tener interés por lograr la unidad de los socialistas, sino por imponer su hegemonía, amparados en el privilegiado reconocimiento internacional. El apropiarse de unas siglas —PSG, aunque Modesto Seara diga que la «e» en medio los diferencia claramente—, consagradas en el panorama político gallego de los últimos años, con un prestigio y una clara imagen nacionalista, puede interpretarse como una especie de burla que el PSOE dirige al sentimiento nacionalista gallego. Así lo ha interpretado la propia Unión do Pobo Galego que, pese a haber arreado en los últimos tiempos sus críticas contra el Partido Socialista Galego (al que no sé si habrá que empezar a denominar ahora «auténtico»), ha sido el único partido que ha respondido a la petición de solidaridad que hizo el PSG (el «auténtico») a las fuerzas políticas gallegas, ante lo que consideraban una agresión al nacionalismo.

### CONSIGNAS CENTRALES

La decisión del PSOE en Galicia parece responder a una estrategia central de monopolizar también la reivindicación autonómica. De hecho, no han hecho más que copiar la denominación del Partido Socialista de Euzkadi, tradicional denominación del PSOE en el País Vasco, y el proceso que se sigue en Cataluña para llegar al Partit Socialista de Catalunya, aunque aquí sin proceso, sino, simplemente, por imposición. El haber renunciado, precisamente, a ese proceso y tomar una decisión tan poco política, parece mostrar que el PSOE en Galicia, pese a su enorme crecimiento numérico tras las elecciones —especialmente en las provincias de Pontevedra y Orense—, sigue siendo un partido inmaduro, como lo corrobora también las graves diferencias internas que la fracción de Modesto Seara —regresado hace tres años de su exilio mejicano— ha provocado en este Congreso. En efecto, las delegaciones de Santiago, La Coruña, El Ferrol y Vigo han decidido no participar en la Ejecutiva de ese fantasmal Partido Socialista de Galicia.

(Como anécdota, resaltemos que la campaña de prensa en torno al Congreso estuvo organizada desde Madrid, hasta el punto de que nuestros compañeros en la capital de España tenían mejor información sobre los preparativos del Congreso que los periodistas de Galicia).

O mesmo domingo, Luis Alvarez Pousa baixo o título «Pactos, reivindicación y acercamientos» faría o análise do que fora a Galicia política na semana anterior, e ao tratar o tema das siglas decía o seguinte:

### COLETEA LO DEL «PSOE»

Mucha tinta y palabras arrastró el congreso extraordinario que el «PSOE» gallego celebró en Pontevedra. Alguien ha hecho que se mordiesen la cola. Si Tizón pensaba que con gallequiz nombre y estatutos ya bastaba para convertirse en partido socialista de Galicia, estaba equivocado. Porque en tanto que a Modesto Seara se le tacha de socialdemócrata y centralista desde dentro del partido, los orensanos que le apoyaron comienzan ahora por no aceptar, a cinco días del congreso, el cambio de denominación (y tampoco los partidos nacionalistas, entre lo que se recogen firmas estos días contra el «oportunismo del «PSOE»»). Los de Santiago, que no lo querían, se reunían ayer mismo con muy mala espina en asamblea extraordinaria, creo que también para examinar las cuentas que no tienen al día, motivo que por poco les vale si no participar en el Congreso.

A ver qué imagen dan los de la nueva ejecutiva —condenada posiblemente a un «boicoteo interno» en la reunión que llevarán a cabo el miércoles en Santiago.

Desde luego, no pienso que justifique ese «acercamiento» al «PSG» aludiendo el caso catalán, porque si el pacto se dio allí en vísperas de elecciones y en medio de una correlación de fuerzas bastante definida, aquí no hay elecciones ahora mismo. Ni la correlación está clarificada. Máxime cuando esa definición la exigen los socialistas gallegos pasando por el alto voltaje del nacionalismo militante.

## ESCRITO DE 24 PERSONAS CONTRA LA DENOMINACION FSG- PSOE

Encabeza la lista de firmantes el académico Marino Dónega

LA CORUÑA, 25 (De nuestra Redacción).— Un escrito firmado por 24 personas de diversas profesiones, que se definen como «miembros de la comunidad galega sin compromiso político partidario de ningún tipo», se manifiesta en total desacuerdo con la decisión tomada en el Congreso de la Federación Socialista del PSOE, por la que se pasó a denominar Partido Socialista de Galicia-PSOE, lo que considera un elemento perturbador dentro de la vida gallega, al existir ya un Partido Socialista Galego.

«O centralismo —dice el escrito— foi e sigue a ser un atranco fundamental para o desenrolo do noso potencial colectivo, tanto material como espiritual, e de ahí que todo canto se faga, consciente ou inconscientemente, tendente á súa perpetuación, débese denunciar e combater. Añade que, en el actual momento histórico, Galicia necesita la más fuerte unión posible, para lo que es necesaria una clarificación y no una confusión. Termina el escrito calificativo la decisión del PSOE como unha intromisión pouco clara na política galega, ben necesitada de limpeza e honestidade».

Encabeza la lista de firmantes Marino Dónega Rozas, abogado y académico de la Real Academia Gallega. Figuran en ella dos ex militantes del PSOE, el abogado Luis Arangüña y el arquitecto Celestino Cacheiro. Otros firmantes del escrito son: Mercedes Suárez Díaz, Xaquín Marín, Xoán Martiño Montero Santalla, Xenaro Marifas del Valle, Jorge Cuña, Manuel Luelro Rey, Andrés Torres Queiruga, Carlos Casares y Xosé Luis Franco Grande.

## OPINIONS

As opinións sobre a usurpación das nosas siglas non viñeron unicamente de quen por unha ou outra razón estaban na obriga de facelas públicas. Así, a prensa nacional recolleu ademais das manifestacións das forzas políticas e dos seus propios comentaristas, as de xente independente que vive con interés a vida política de cada día.

O recoñecemento máis fondo e sincero recollemos a carta publicada en La Voz de Galicia por Constantino Pereiro Castro, así como o comunicado feito público o sábado, día 26, firmado por 24 persoas de diversas profesións e que se definen como membros da comunidade galega sen compromiso político partidario de ningún tipo, que consideran un elemento perturbador dentro da vida galega a nova denominación do PSOE, por existir xa o Partido Socialista Galego.

Velai as dúas mostras de solidariedade que recollemos como exemplo das moitas que de ún a outro xeito nos fixeron chegar moitos galegos que sinten como propia a agresión que ven de recibir o PSG.

### «PSG» - «PSOE»: NON SOI O CUESTION DE SIGLAS

Do silencio imposto pola ditadura durante tantos anos, da noticia de orella a orella, pasamos a un estouro confuso, a unha treboada de noticias políticas das que os receptores normais comezan a se fatigar. No remuíño da confusión e do oportunismo, chegoulle a vez, ás siglas dos partidos políticos. O home da rua ten na testa un remuíño de grupos, de persoas, e de socialistas, que non se aclara. E algúns fatos — polo que leemos estes días —, queren sacar, porque teñen o poder dos cartos condicionados, porque son donos da chave dos pactos secretos, porque ventan os cambios sociolóxicos do electorado, tentan tirar, de novo, tallada. E confundir á opinión pública.

Din que o reposo tarde ou cedo mostra o rabo. Porque rabo está traendo a suplantación, polo «PSOE» que opera en Galicia, das siglas do Partido Socialista Galego (P.S.G.) fundado en 1963 e inscrito no rexistro burocrático. Ensegún se desprende das noticias espalladas, o «PSG» é fillo lícito do noso país. Lícitísimo por catorce anos de traballo arreo a prol do nacionalismo e do socialismo galegos. Coa dirección, os homes e os seus programas chantados na Terra; e en función, e por riba de calquer outro obxectivo, os intereses do noso país. E claro que o Partido Socialista Galego é soberano no seu espacio político: Galicia. Non sigue tácticas foráneas «recomendadas» desde Madrid nin ten serventías políticas de marcos alemáns como o «PSOE». E claro que o Partido Socialista Galego non cobiza os postos do poder central, pois o «PSG» sigue defendendo a tese da autodeterminación do pobo traballador de Galicia.

Simplesemellan as declaracións — desde Madrid — do novo segredario político do «PSOE» con sede en Galicia, ao decir que a copia das siglas dos nacionalistas e socialistas galegos ten por obxectivo un acercamento dos partidos. A aproximación non se fai cun formal troque de siglas nin na teoría. O que hai que cotexar son as ideas e a praxis política. E mala mestura sería axuntar un partido socialdemócrata, o «PSOE», a un partido nacionalista, socialista, marxista e federalista. Outra cousa sería un entendemento entre as bases de ambos partidos.

En resumo, o feito, penso, forma parte dunha estratexia a nivel español. Aínda non lles abondou na primavera con facer sucursalismo político; xa non sirven para os seus fins as siglas vellas.

Son esforzos en suma para que o traxe ideolóxico uniformista se disfrace e adapte ás correntes socialistas que privan na realidade galega.

Abonda xa de confusións e de oportunismos. A ría revoita ganancia de pescos, dicen pola ribeira do meu pobo. Non hai que acercar as siglas. Hai que acercar as mentes. Constantino Pereiro Castro. (D.N.I. 32.108.251). La Coruña

## A modo de conclusión

Que un partido como o PSOE que outrora negara os nosos dereitos nacionais apareza hoxe facendo declaracións públicas da súa evolución cara as teses nacionalistas e pretendendo asemellarse ao PSG, é algo que valoramos positivamente. E estamos dispostos a creer na sinceridade da súa conversión e aceptar a existencia dun sector galeguista dentro da Federación Galega do partido.

O que non podemos aceptar polo de agora é que o PSOE está pola unidade do socialismo, e desde logo o que non imos aceptar xamais é que a USURPACION DAS NOSAS SIGLAS sexa un paso adiante cara esa unidade en Galicia.

Un intento de unidade e de artellamento do socialismo a nivel de estado, — o único válido por se facer partindo da discusión ideolóxica desde as bases —, foi a Federación de Partidos Socialistas. E mesmo por eso, bombardeou o PSOE como diante de bombardeara a Conferencia Socialista Ibérica.

A unidade do socialismo en Galicia só será posible cando as forzas socialistas que aquí actúan cheguen a asumir na práctica un ideario socialista galego. E eso non se consegue simplemente con apropiarse das nosas siglas, nin aínda no caso hipotético de se apropiaren dos nosos principios ideolóxicos. O camiño cara a unidade haberá que andalo facendo política socialista galega día a día.

Se ben é certo que hai agrupacións do PSOE que non están a utilizar a denominación acordada no Congreso, non cabe máis interpretación que o recoñecemento da responsabilidade política dun certo número de membros do partido, mais non a do propio partido.

Se deica agora a unidade co PSOE pasaba pola necesidade de asunción na práctica do feito nacional galego, hoxe tería que demostrar ademais unha honestidade política que está en entredito logo da usurpación das nosas siglas.

Ningún pacto, ningún acordo, ningunha conversa oficial será posible mentres o PSOE non renuncie ás siglas que por dereito propio pertencen desde o ano 63.

## Conversas sobre dunhas siglas

Tamén o Ideal Gallego fíxose portavoz dunha carta colectiva a prol do P.S.G., decano en Galicia — dice o escrito publicado — dos partidos socialistas da posguerra civil, nado baixo a represión da ditadura; cun texto resumido transcribimos:

«A apropiación das siglas polo partido «felipista» do carnet de identidade do P.S.G., mellorou unha xogada de forza, oportunista, e pouco intelixente por parte do PSOE».

«O acordo de cambio das siglas no Congreso do PSOE fora xa motivo de crítica por parte de moitos militantes que ventaban a reacción das bases do Partido Socialista Galego, e tiña por obxectivo inmediato capitalizar, a prol do partido de ámbito peninsular, a confusión e a falta de información do pobo galego, mentres este non teña máis conciencia de seu e non saibe dister os partidos auténticamente galegos dos sucursalistas».

Mais aliante decía a carta aberta, referíndose a esa ala galeguista do PSOE, «que non concebían nacionalistas afiliados a un partido de obediencia centralista». E remataba o escrito que encabezaba M. C. Pedreira, «aparececos inmaduros política desprezando a outros «grupúsculos» (en verbas de Felipe González), que non dispuxeron de cartos, do apoio gubernamental e dos favores da social-democracia europea». «¿Que isto pode mercar quen nos papeis de unha cousa e se contradice na práctica? ¿Ten a mesma concepción do sindicalismo galego o PSOE que o P.S.G.?»

CEDOC



# O DESTRAGO DO MAR: 800.000 KGS. DE PESCADA DIARIOS

Por FERNANDO GONZALEZ LAXE

Hai anos, aló polo 1976, produciuse a invasión dos cataláns nas pesquerías galegas. Imbuídos dos aires mercantilistas comezaron a utilizar artes de pesca non utilizadas daquela nos nosos mares e chegaban a arrastrar, nas Rías do País Galego, naqueles lugares onde se utilizaba a traíña.

Hoxe, repítese a historia. As invasións das bakas de arrastre e outras embarcacións de elevado tonelaxe nas proximidades da costa, dentro da plataforma continental do canto, é fenómeno usual nestes últimos anos. Lembrome agora das primeiras invasións das bakas, denominadas francesas polos mariñeiros galegos. Inmediatamente as protestas son numerosas como naqueles tempos do monarca Carlos III; nembargantes non teñen eficacia. Os feitos vólvense a repetir. Máis tarde, estas invasións, xa de embarcacións galegas, aproxímanse ás costas arrasando todos os aparellos que están balizados no mar, tal e como comentan os mariñeiros nestas semanas.

En definitiva, xa non sóo non se respecta a delimitación do espazo mariño, cifrada en 80 brazas, senon que as bakas de arrastre penetran deica a beiramar; destrouzoando os aparellos ao tempo que se lles impide saír ao mar. E isto, dadas as condicións da pesca costeira galega, ten unhas repercusións económicas e sociais moi importantes.

A vixiancia non é forte, e como se afirma nos portos eficientemente corrompíbel. Mals deixando isto á marxe, o que si é certo é que as saídas da embarcación de vixiancia «Sálvora» son moi escasas. E ás veces saí tarde e, xa que logo, non observa ningunha alteración no orde. Noustante, as infraccións cométese, e non samente por faer perto da costa e levarse os aparellos, senon que se combinan coa captura ao paso da cada vez maior cantidade de especies inmaturas, dadas as artes e mallas tan cativas que se usan.

A situación obriga a facer certo tipo de análise de cara a actuar contra dos barcos e embarcacións de arrastre nas zonas destinadas as embarcacións da baixura. A crise mundial obriga aos países ribereños a replantexar o dereito do mar; as augas que hastra agora se estaban considerando como augas internacionais teñen hoxe unha importancia extraordinaria. A escaseza de recursos naturais, materias primas, etc., dá dereito aos países posuidores dunha riqueza natural a velar polos seus recursos, e deben tratar de non desfilifarrar a dita potencia natural.

Os países comunitarios están a reglamentar a pesca artesá nas suas plataformas para preservalas das capturas incontroladas e do esforzo masivo que se efectuou nos caladeiros. Compre, logo, defender as zonas pesqueiras, regulando as pesquerías.

Regular unha pesquería significa saber cal é o esforzo pesqueiro que se lle pode aplicar a un espazo mariño, co fin de evitar un esgotamento dos recursos mantendo sempre o máximo rendimento sostido. Trataríase de administrar unha zona con vixiancia de capturas, especies, esforzo e intensidade pesqueira. Dereitamente delimitaríamos a capacidade máxima da flota e regularíamos os desembarcos, co que poderemos establecer os valores dos produtos pesqueiros.

O deixar a cada flota actuar sen ningún tipo de control significa a destrución dos caladeiros. O patrón maior de Sada, meu amigo Antonio Mouzo, razonaba, na constitución da Federación Galega da Pesca Artesá: «La carioca se vende a un precio aproximado de 150 ptas./qq.; y en un quilo entran unas 20 cariocas. Si pensamos que una merluza mediana pesa unos 5 qq. sacaremos el resultado de que por cada quilo de carioca saldrán 100 qq. de merluza si dejamos que las crías lleguen a ser adultas. Si pensamos que cada arrastrero pesca una media de 2 cajas de 40 qq. de carioca al día, resulta que se está matando en germen unos 8.000 qq. de futura merluza cada día por un solo arrastrero. Y si tenemos en cuenta que sólo en la provincia de La Coruña hay más de cien arrastreros del día, nos dará la cifra astronómica de 800.000 quilogramos diarios de merluza que se están exterminando en nuestras costas ante la pasividad de los organismos que deben velar por nosotros, y ante nuestra impotencia por carecer de fuerza efectiva para cortar estos abusos».

Mais non sóo o destrago é de carioca, senon doutras especies que se tiran ao mar ao non ser comercializadas polos arrastreros.

A pesca costeira, a artesá, a tradicional, conta en Galicia cunha enorme importancia. Dos desembarcos efectuados no ano 1974 en Galicia, según informe do patrón maior de Cedeira, a pesca de litoral do arrastre pesou 31.499 toneladas, a pesca de altura 72.851 toneladas, a de gran altura 147.847 toneladas e a costeira 145.645 toneladas. E decir, que sumando a pesca desembarcada polas em-

barcacións de altura serían 104.350 toneladas, cantidade inferior ás 145.645 toneladas da artesá. De aquí pódese tirar que se a pesca artesá non traballa nos caladeiros, o mercado quedaría sen peixes, pois os desembarcos das outras froas non chegan para abastecer o mercado.

E unha chamada de atención, unha máis. Que se non a escoitamos pode suceder que nun prazo moi breve a plataforma xa non dea ren. E logo, teremos que importar o peixe. Cando o poderíamos ter en abundancia: cun espazo mariño debidamente vixiado, distribuído e regulado.

Compre rematáremos cos abusos e infraccións que, de seguir como deica hoxe, en nada favorecen á pesca.

## Un partido, ¿para qué?

As dificultades atopadas na vida e no traballo, a experiencia cotiá das inxusticias, os atrancos que se opoñen á realización do individuo... vanlle descubrindo aos homes a necesidade de actuar colectivamente. O paso da resignación á vontade de acción colectiva chámase *toma de conciencia*.

Desta maneira, a partir de problemas concretos, os traballadores crean sindicatos, os veciños asociacións, etc. Pero chega un intre no que a acción bate con atrancos que rebordan o nivel da simple reivindicación. O atraso económico, a emigración, a negación cultural, etc., son fenómenos que compre considerar globalmente, porque son a consecuencia lóxica do asoballamento colonial no que o imperialismo confinou ao pobo traballador de Galicia, a travese da acción opresora do Estado español. Estes problemas samente serán resoltos cando o pobo galego poida decidir por si mesmo o seu destino, cando a propiedade dos medios de produción sexa colectiva, cando os traballadores acaden o poder democráticamente constituído. Isto é, nunha Galicia ceibe e socialista.

A construción desta sociedade socialista require un instrumento, unha organización, que, con visión de conxunto da evolución histórica, defina en cada etapa as formas e os fins da loita, os obxetivos a atinguír e os medios a utilizar, e que ofrezca a expresión organizada dos intereses dos traballadores galegos. Organización que non é un exército, nin a vangarda instruída e profesionalizada que educa e guía as masas. Un pobo non é un menor que necesita tutores, nin unha masa amorfa á agarda de líderes prometeicos. E unha nación cons-


tituída coa sua tradición e a sua continuidade, coas suas aspiracións e a sua faciana, que dispón de memoria e dun proxecto. A difusión da ideoloxía capitalista e imperialista tenta sen lecer de reduci-lo estado de masa; pero ese pobo resistese e actúa, únxtase e organízase. A coordinación das suas iniciativas é a misión desa organización que é un partido: o Partido Socialista Galego.

O partido dotado dunha teoría coherente da evolución histórica é centro de reflexión colectiva onde a teoría arequecese sen lecer á luz da experiencia das loitas. Realiza a fusión entre a teoría socialista e o movemento dos traballadores cumprindo as seguintes funcións:

- Capitaliza a experiencia das loitas, da práctica política e da acción de masas durante moitos anos de combate político: *é unha memoria colectiva*.
- Analiza a realidade cambiante que se debe transformar aplicando a teoría, que non é un dogma senon unha guía para a acción. Coa participación de todos os seus membros e non sóo dos intelectuais: *é unha intelixencia colectiva*.
- Xunque a quen separados pola división social do traballo no sistema capitalista buscan eidos de loita común e queren participar na aventura colectiva que lle dá á existencia a perspectiva da dinámica histórica: *é unha vontade colectiva*.

Elabora un proxecto que propón e explica, consciente de que os camiños para o socialismo son múltiples, buscando xuntar e non excluír en nome de criterios ideolóxicos restrictivos: *é unha alternativa democrática*.

Mantén a todos os niveis amplias posibilidades de iniciativa e control. Consciente de que a disciplina e a coesión non se acadan na subordinación cega: senon na interacción e educación recíproca de responsábeles e militantes: *é unha escola da liberdade*.



Máis alá dos dereitos do Home e dos Estados

# Lexitimar o dereito dos pobos

(Armando Uribe foi embaixador de Chile en Pekín, autor do «Libro Negro da intervención americana en Chile (Le Seul, 1974). Traballa no Centro de Análise Comparativo dos Sistemas Políticos, na Universidade de París - I).

De maneira extraña, os pobos en tanto que tales, son case totalmente ignorados polo Dereito Internacional. Este interésase máis ben dos Estados (Carta das Nacións Unidas, Carta dos dereitos e deberes económicos dos Estados) ou dos individuos (Declaración universal dos dereitos do Home). O Dereito Internacional non resolve endexamais, cando un goberno viola os dereitos do pobo sometido á súa autoridade ou, a fortiori, cando en complicidade con tal goberno, outro Estado colabora nesas violacións. Porán, os numerosos movementos de liberación, en loita contra gobernos antipopulares, invocan os dereitos naturais dos pobos, dereitos que non recolle ningunha carta.

Para cubrir esta lagoa, o 14 de xullo de 1976, no bicentenario da Declaración de Independencia dos Estados Unidos de América, personalidades como o senador Lelio Basso, o profesor François Rigaux da Universidade de Lovaina, Laura Allende, Leo Matarasso, etc., e moitos representantes de movementos de liberación reuníronse en Arxel, e a título personal firmaron unha «Declaración Universal dos Dereitos dos Pobos». A esperanza é que tal documento sexa tomado en consideración polo movemento dos non-alineados e polas Nacións Unidas de xeito que un día, (esperemos que non demasiado lonxano), os pobos que loitan polo recoñecemento dos seus dereitos poidan apolarse nun texto que lexítimamente a súa acción. A empresa non é ilusoria na medida en que os dereitos dos pobos non están necesariamente en contradición cos dereitos de todos os Estados do mundo.

Tal é, en todo caso, a intención dos autores da «Declaración de Arxel» que no derradeiro párrafo do seu preámbulo, desexan «que todos aqueles que a traveso do mundo, manteñen o gran combate, ás veces coas armas na man, atopen na presente declaración a afirmación da lexitimidade da súa loita».

Namentres que, desde o punto de vista xurídico, Estado e persoa son doadamente definíbeles, a palabra pobo é moito menos: o texto adoptado preferiu non intentar unha redución dos tres conceptos que se desprenden da economía do seu texto. Como sinalou o profesor Rigaux no seu informe final, o pobo é unha comunidade humana que se define por diferenzas significativas verbo doutros pobos. O pobo é o conxunto ou a maioría da poboación dun Estado sendo ún dos seus dereitos fundamentais o de non estar sometido ao poder dunha minoría. O pobo é quer un pobo homoxéneo estruturado en Estado, quer unha minoría nacional cujos dereitos colectivos son recoñecidos no interior dese Estado.

Este último punto, que concerne ás minorías foi ún dos máis árduos a tratar poisque se plantexa en termos totalmente dife-

rentes no mundo desenrolado, principalmente europeo, e no Tercero Mundo, particularmente en África, onde o caso das minorías nacionais é explotado polos intereses estranxeiros que intentan provocar a descomposición dos novos Estados para mellor sometelos á súa influencia.

A sorte das minorías é obxecto de tres artigos da Declaración, sendo o derradeiro o máis interesante:

—«Cando un pobo constitúe unha minoría no seo dun Estado, ten dereito ao respecto da súa identidade, das súas tradicións, da súa fala e do seu patrimonio cultural (art. 19)».

—«Os membros da minoría deben gozar, sen discriminación, dos mesmos dereitos que os outros súbditos do Estado e participar en igualdade con aqueles na vida pública (art. 20)».

—«O exercicio destes dereitos débese facer no respecto aos intereses lexítimos da comunidade considerada no seu conxunto e non poderá autorizar un perxucio da integridade territorial e da unidade política do Estado, cando este se conduza conforme aos principios enunciados na presente Declaración (art. 21)».

Como mostra unha lectura atenta, a frase-chave está contida no artigo 21 según o cal o dereito á secesión, «última ratio» dunha minoría oprimida, nace cando, dunha maneira continua e flagrante, o Estado non respecta o conxunto de dereitos dos pobos.

No que concerne aos dereitos da persoa e aos dereitos dos Estados, a Declaración distingue dous presupostos. O primeiro, como tamén di o profesor Rigaux que sa instauración efectiva dos dereitos do Home é ilusoria nunha sociedade na que os dereitos colectivos non foron previa ou conxuntamente establecidos sólidamente. Neste espírito, incorporándose á longa tradición universal do dereito natural a rebelión contra da tiranía, a Declaración reconece aos pobos dereitos contra do seu propio goberno ou contra daqueles que lle usurparon. O segundo presuposto consiste en atribuír aos pobos dereitos dos que os Estados, nas súas relacións recíprocas, afirmanse titulares, como por exemplo o dereito exclusivo sobor das riquezas e recursos naturais do país. Numerosos son, nefeuo, os casos nos que o Estado non exerce este dereito máis que para vendelos en detrimento dos intereses do pobo mesmo. Por eso a atribución de tal dereito ao pobo, en tanto que tal, vai acompañada do seu corrolario: o dereito a recuperar as súas riquezas e recursos ese foi expoliado, así como recobrar as indemnizacións inxustamente pagadas (art. 8).

Este principio, que figura entre os dereitos económicos dos pobos, acompáñase dunha garantía xeral no capítulo final da Declaración: «Todo arriquecemento en detrimento dun pobo, en violación das disposicións da presente Declaración, debe dar lugar á restitución dos beneficios así obtidos. Aplicarase o mesmo a todos os beneficios excesivos realizados por inversións de orixe extranxeiro. En materia de nacionalización, este precepto consagra a doutrina Allende salvaguardando

a facultade do pobo de recuperar as indemnizacións inxustamente pagadas aos vellos propietarios das empresas nacionalizadas.

Así, a Declaración Universal dos dereitos dos pobos, contén varias novidades xurídicas nos seis eidos que cobre: dereito á existencia, dereito á autodeterminación, dereitos económicos, dereitos culturais, dereitos sobor do medio e os recursos, dereitos das minorías. Pero é innegábelmente na sección VII, que trata das garantías e máis das sancións, onde figuran as normas máis características desta nova definición dos dereitos dos pobos.

O estilo conciso da Declaración, que se reduce por outra parte a trinta artigos, permiten citar a maioría das derradeiras disposicións que constitúen os fundamentos dunha verdadeira solidariedade internacional:

—«Todo perxucio resultante da transgresión da presente Declaración debe ser integramente reparado por aquel que o causou... (art. 23)».

—«Todos os tratados, acordos ou contratos desiguales, realizados con desprecio dos dereitos fundamentais dos pobos non poderán producir efecto ningún (art. 24)».

—«Os gastos financeiros exteriores que cheguen a ser excesivos e insoportábeles para os pobos deixan de ser esixíbeles (art. 26)».

—«Os atentados máis graves aos dereitos fundamentais dos pobos, especialmente o dereito á existencia, constitúen crimes internacionais, arrastrando a responsabilidade penal individual dos seus autores (art. 27)».

—«Todo pobo cujos dereitos fundamentais son gravemente negados, ten dereito a facelos valer, especialmente pola loita política ou sindical, mesmo, en derradeira instancia, polo recurso á forza (art. 28)».

—«Os movementos de liberación deben ter acceso ás organizacións internacionais e os seus combatentes teñen dereito á protección do dereito humanitario da guerra (art. 29)».

—«O restablecemento dos dereitos fundamentais dun pobo, cando son gravemente negados, é un deber que se impón a todos os membros da comunidade internacional (art. 30)».

## UNHA EXCEPCIÓN AO PRINCIPIO DE NON-INXERENCIA

O lector non xurista pode estar tentado a lle acordar unha importancia excesiva ao principio que autoriza o recurso á forza. Nembargantes non é aí onde reside a novidade poisque, despois de todo, outros instrumentos internacionais admiten tal recurso en derradeira instancia. Do mesmo xeito, a non esixibilidade das débedas financeiras que se convertiran en excesivas e insoportábeis comeza a ser obxecto de debates nos organismos internacionais, e eso por evidentes razóns prácticas. Doutra banda o non efecto dos tratados desiguales é tamén, dende hai moito tempo, obxecto de discusións, e só a extensión desta norma aos acordos e contratos revela xa unha diferente concepción do dereito internacional. O dereito de reparación integral de todo perxucio resultante dunha transgresión dos dereitos dos pobos coincide tamén coa liña que foi práctica dos Estados, sobor de todo despois das guerras vitoriosas. Foi igualmente despois das guerras cando se poideron aplicar sancións polos crimes acarando a responsabilidade penal individual dos seus autores. O dereito dos movementos de liberación a estar representados nos organismos internacionais re-

cebiu xa desde hai algúns anos un inicio de aplicación. En fin, inde que o tema sexa hoxe moito controvertido —deixa o punto que é difícil prever cómo os Estados van superar as súas diverxencias— a protección do dereito humanitario na guerra debería, en principio, según o dereito en vigor, serlle acordada aos combatentes dos movementos de liberación.

Moi interesantes nelas mesmas, todas estas disposicións enxéranse nas tendencias máis ou menos perceptíbeles hoxe no dereito positivo e no dereito internacional. Pola contra, un postulado implícitamente contido no primeiro e no derradeiro artigo da sección final da Declaración creba manifestamente coa doutrina tradicional: Trátase do dereito á intervención, que contrasta co principio de non inxerencia.

Nefeuo, os artigos 22 e 30 da Declaración proclaman que a comunidade internacional toda, é titular dos dereitos de todo pobo a quen lle son violados; cando son gravemente negados, o dereito de restablecer eses dereitos fundamentais incumbe a todos os membros da comunidade internacional. É unha definición revolucionaria porén ben natural, por riba de todos os egoísmos nacionais.

Cál é, pois, a súa verdadeira significación?

Para responder, pódese intentar un paralelo entre a violación dos dereitos dos pobos e a violación dos dereitos individuais do home. Denantes da Carta das Nacións Unidas, toda relación dun Estado cos seus cidadáns, era en xeral considerada como unha cuestión interna. Pero os artigos 55 e 56 da Carta comprometen a cada Estado membro da ONU a tomar conxunta ou separadamente iniciativas encamiñadas á realización de certos obxectivos comúns entre os cales «O respecto universal (...) dos dereitos da persoa». Foi interpretando esta disposición que as Nacións Unidas aprobaron resolucións (e poden ser tomadas outras medidas) para condenar as violacións dos dereitos do Home por un Estado. Noutros termos, son titulares dos dereitos humanos non somente as vítimas directas da tortura, o exilio, privación de dereitos fundamentais, detención e morte, senon tamén toda a comunidade internacional no seu conxunto e con cada ún dos seus membros —con exclusión, ben entendido, do Estado violador. Neste espírito, as disposicións

adoptadas pola ONU, ou por algúns dos seus membros, contra de todo Estado que viola os dereitos humanos non constituirían unha inxerencia nos asuntos interiores dese Estado.

De xeito similar, a Declaración Universal dos dereitos dos pobos confira a calidade de titulares dos dereitos violados non somente ao pobo directamente perxudicado senon tamén aos Estados membros da comunidade organizada das nacións. Sen dúbida os seus autores lembráronse dos artigos 55 e 56 da Carta das Nacións Unidas que non se limitan a facer referencia ao respecto universal dos dereitos humanos senon que invitan aos Estados a actuar conxuntamente para obter o respecto das liberdades fundamentais de todos, sen consideración de raza, sexo, fala ou creencia. Do mesmo xeito, a Declaración Universal dos dereitos dos pobos fai obriga dos membros da comunidade internacional o restablecer os dereitos fundamentais dun pobo cando foron gravemente negados.

Tal obriga é unha excepción ao principio de non inxerencia. Sen nos pronunciar pola súa pertinencia e reconecendo a súa oportunidade nunha época que viu o salvamento de Angola, convímonos en que esta porta aberta á inxerencia debería, nunha carta dos dereitos dos pobos, recibir sempre unha interpretación condicionada. Nefeuo, sólo os Estados que, tanto no interior como na súa política estranxeira, respetan eles mesmos os dereitos dos pobos poderían lexítimamente percurar de restablecer nos outros o respecto deses mesmos dereitos.

Este principio, como as outras normas definidas pola Declaración, mostran un elemento útil de reflexión nos fóruns internacionais.

Pola súa iniciativa, Lelio Basso, que presidiu o «Tribunal Russel II» encol da América Latina, e os autores da Declaración serviron os intereses permanentes dos pobos oprimidos. Se os Estados non alineados, que se reuniran en Colombo, ou as Nacións Unidas que o van facer en New York, vulgan prematuro formular nidiamente unha Carta dos dereitos dos pobos, nada impedirá aos pobos en loita pola súa liberdade percibir a importancia, na esperanza da clandestinidade, dun documento que consagra a súa lexítima solidariedade a traveso das fronteiras nacionais.

ARMANDO URIBE

## A voltas cos dereitos dos pobos

No «Informe —Galicia Socialista» distribuído co número anterior publicamos a Declaración Universal dos Dereitos dos Pobos, acompañada de comentarios debidos a François Rigaux e Gerard Challand. E témonos felicitado de facelo. Porque contamos con mostras dabondo de que este informe interesou aos lectores. E tamén porque comprend todas as axudas na loita a prol do nacionalismo.

As felicitacións agradécense. E a mobilización para defender os nosos dereitos como pobo con personalidade de seu faise indispensable. Porque as agresións ao nacionalismo non recúan.


Por exemplo, aí están o señor gobernador de Barcelona e o señor ministro de asuntos exteriores —don Marcelino Oreja Aguirre que foi ou é Conselleiro do Movemento por Guipúzcoa, Presidente do Consello de Administración de Unión Cerrajería, xenro do Sr. Arburúa: Presidente do Consello de Administración do Banco Exterior de España e ex-ministro de Comercio— que veñen de proibir, eles saben ben por qué, o Primeiro Congreso da Liga dos Dereitos dos Pobos que se tiña de celebrar estes días naquela cidade.

Se cada igual nos queren convencer que teñen un novo xeito de entenderen a democracia:

# COLÓN GALEGO



O primeiro emigrante é rache galego e chamábase Colón  
(1924)-Cebreiro en El Pueblo Gallego



—É a vostede parécelle que Colón é español ou italiano?  
—Nin unha cousa nin outra!  
(1924)-Maside, en Faro de Vigo

De cando en vez xurde na prensa un novo traballo para tratar o tema da nacionalidade galega de Colón, baseándose en datos e feitos históricos de veracidade comprobada. Algúns destes datos non son novos en absoluto, xa que a orixe galega de Colón foi afervoadamente defendida hai máis de cincuenta anos polo investigador García de la Riega, quen aportou unha documentación tan orixinal que foi quen de interesar aos galeguistas máis significados. O tema foi tratado por Castelao, Maside e Cebreiro, entre outros.

O que hoxe está claro é que ninguén concede a máis mínima credibilidade á tan cacarexada orixe xenovesa, mentras que os argumentos a favor da súa orixe pontevedresa colleron novo pulo.

## AS CAUSAS DAS DUBIDAS

A primeira e máis importante é a propia actitude do descubridor, quen ao longo de toda a súa vida tivo coitado en ocultar o lugar do seu nacemento. O seu fillo Fernando, ao escribir a «Vida do Almirante» di que o seu pai «quixo facer descoñecida e incerta a súa orixe e patria».

Nunha soia ocasión Colón presentouse como xenovés: «De Xénova saín e nela nacín», dixo na institución do seu Maiorádego. E esta afirmación — único fundamento a manexar polos defensores da críxe italiana, entre os que se contaron os propios membros da Real Academia da Historia española —, foi dabondo para que se dese por certa, sen que se considerasen as moitas probas en contra nin os motivos que podía ter para negar o seu berce galego.

## PROBAS EN CONTRA DA ORIXE XENOVESA

Con todo, a orixe xenovesa de Colón é inaceptábel. Baseándose naquela afirmación súa, os investigadores pescudaron os arquivos dos xulgados de Xénova e atopáronse cun chamado Cristóforo Colombo, que aos vintacínco anos gañaba o pan traballando de xastre, e decidiron que aquel profesional da agulla e o fio tivera a grande honra de descubrir as Américas, logo de estudar Náutica e Astronomía en horas de vagar.

Compre non esquecer ademais, que en diversas ocasións o descubridor dixo chamarse COLON, ou para ser máis exactos, DE COLON, e non Colombo como o xastre xenovés.

Hastra vinte cidades italianas reclaman ser berce de Colón, máis, ¿cómo explicar un Colón italiano, ou concretamente xenovés, que non falaba nin o idioma italiano nin o dialecto xenovés? ¿Cómo xustificar a existencia dun Colón italiano que ignora os seus idiomas e fala, en troques, o galego e o castelán?

A afirmación da orixe xenovesa do navegante, outrora xeralmente aceptada está hoxe desprestixiada e foi desbotada sen reservas. Fica en pé a posibilidade dun Colón galego.

## POR QUE NEGAR A ORIXE GALEGA

Dirémolo moi brevemente. Porque Colón non podía chegar como galego a Raiña Católica, que sentía especialísima xenreira cara este pobo defensor dos dereitos, ao solio de Castela, da súa sobriña Xoana e Beltraxa.

Cristóbal Colón casara en Portugal pero o seu irmán Bartolomé viviu sempre maritalmente a pesares de que chegou a ter varios fillos da mesma muller. ¿Por qué non casou? Cacaís por non descubrir con documentos legais a súa orixe galega.

Para aquela muller que ordenara a «doma e castración do reino de Galicia», un galego sería pouco menos que un traidor.

## A ORIXE GALEGA

Os traballos de investigación realizados pola Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra nos documentos dos séculos XV e XVI, que apareceron no Arquivo Municipal desta cidade na última década do século pasado, e nos que se recollen datos referentes a xentes de mar apeladas DE COLON, culminaron logo de vinte anos de labor co libro de García de la Riega titulado «Colón español», publicado en 1914, e no que se ofrecen elementos de xuízo dabondo para supoñer a orixe pontevedresa do descubridor.

Nestes documentos o apelido Colón aparece unido a distintos nomes propios, algúns dos cales vanse reproducir na familia do navegante: Bartolomé, Domingo, Branca, María, Xoán e Cristóbal. Especial importancia ten o feito de que o apelido desta xente sexa DE COLON, xa que nas Capitulacións de Santa Fe, o almirante firmou Cristóbal DE COLON.

Compre non esquecer que a persoa que influíu nos Reis para que recibisen e prestasen axuda ao navegante, foi o dominico Diego de Deza, galego de Santiago e confesor da Raiña.

Máis importancia ten o feito de que as terras descubertas fosen bautizadas por Colón con nomes de lugares do litoral galego, e máis concretamente das Rías Baixas. Velai algúns exemplos:

- Punta de Sta. Catarina (Ría de Muros)... Puerto de Sta. Catalina (Cuba)
- Cabo Cruz (Ría de Arosa)... Cabo de la Cruz (Cuba e Panamá)
- Santo Tomé (Ría de Arosa)... Mar de Santo Tomé (Cuba)
- Punta de Lapa (Grobe)... Punta de la Lapa (Venezuela)
- Punta de Lanzada (Grobe)... Punta de la Lanzada (Isla Tortuga)
- Punta o Ferro (Ría de Pontevedra)... Punta de Ferro (\*) (Isla Española)
- Parroquia de S. Salvador (Portosanto)... Isla de S. Salvador (Lucayas)
- Portosanto (S. Salvador de Poio)... Puerto Santo (Cuba)
- Punta de S. Miguel (Ría de Pontevedra)... Cabo de S. Miguel (Isla Española)
- Punta Aguda (Ría de Pontevedra)... Punta Aguda (Isla Tortuga)
- Puerto de Sta. Marta (Ría de Vigo)... Isla de Sta. Marta (Cuba)

(\*) O nome orixinal foi FERRO, aínda que logo se dixo HIERRO.

A carabela capitana da expedición chamouna Colón nun principio «La Gallega», e fora construída nos asteiros de Pontevedra. Galegos eran moitos dos mariñeiros que participaron na aventura. E ben coñocida a anécdota de que ao berro de «¡Tierra!», o piloto Sebastián de Campo respostou abraiado «E máis sía. Polo que respecta á propia linguaxe de Colón, hai que sinalar que aparece chea de palabras e expresións galegas aínda cando fala castelán. Ao narrar un desembarco un día de sol e calor abafante no trópico, di que el sol tenía espeto. Sabido é que en Galicia díse o sol ten espeto cando os raios queiman coma se ferisen.

## INVESTIGACIONES E DOCUMENTOS

O investigador García de la Riega morreu en 1914, cinco semanas despois que saíra publicado o seu libro. Dous meses máis tarde o colombista Serrano Sanz acusaría de faísa a maior parte dos documentos aportados por aquí. En 1917 a Real Academia de la Historia confirmaba que a documentación pontevedresa fora manipulada, e aconsellaba silenciar a campaña levada a cabo por García de la Riega.

Nembargantes a tese pontevedresa foi adiante mentras se esfarelaba a xenovesa. Novos traballos viñeron arriquecer as investigacións. Así Antonio Fernández e Fernández demostrou a incompatibilidade de moitos feitos da vida de Colón coa suposta orixe xenovesa, mentras que pola contra resultaban perfectamente axeitados en detalle e en conxunto coa críxe pontevedresa. Xosé Mosqueira Manso analizou os toponímicos que Colón bautizara nos seus viaxes comprobando a existencia dos homónimos na Ría de Pontevedra. Romero de Lema estudou o grande número de galeguismos nos escritos de Colón, e que foran considerados «lusismos».

Voltando á documentación aportada por García de la Riega, e logo das últimas probas realizadas coas modernas técnicas fotográficas, análises de tintas e emprego de luz negra, pódese afirmar que non houbo manipulación e que a súa autenticidade é innegábel.

Hai ademais outra documentación que en ningún intre foi sospeitosa de falsificación, e que abrangue desde a inscrición de fins do século XV na parece dunha capela de Sta. María a Grande en Pontevedra, que di: OS DO CERCO DE YOAN NETO Y YOAN DE COLON FECERON ESTA CAPELA, deica outros documentos varios nos que se fala de Juan de Colón, Constanza de Colón, e Afonso de Colón, en termos coma os seguintes: «(Constanza de Colón) *mujer que fuy de Juan de Colón, mareante, veciño e morador que foi ena Moireyra, arrebalde da vila de Pontevedra, defunto que Deus aja...*»

Con todo o devandito, as razóns para supoñer que Colón foi membro daquela familia de navegantes que con idéntico apelido xurdiron a partires do século XIV en Pontevedra, son evidentes. Os artigos que cada ano aparecen na prensa para reivindicar a galegitude do descubridor teñen razón de ser. Pola nosa banda coidamos que as únicas investigacións que no futuro pagará a pena realizar para chegar a coñecer con seguridade o lugar de nacemento de Colón, son as que se orientan a percurrar o seu berce nalgún lugar de Pontevedra.

FROUXEIRA

## A SIQUIATRIA EN GALICIA

O autor, siquiatra ben mergullado na problemática do país, situa a siquiatría desde os presupostos máis actuais. Estuda, con ollada crítica, a siquiatría de Galicia máis representativa, defendendo unha opción galega do problema praxteado. Párase a analizar con vagar o caso de Corxo.

Aquel Conxo tebegoso onde cada asilado recibe o trato que lle permiten as súas disponibilidades económicas (hasta cinco clases de internados). Aquel Conxo, resultado do absolutismo monárquico-clerical, que é un lucido negocio para a institución relixiosa que o explota. Como antídoto xurde un grupo de médicos mozos que tentan a reforma de Conxo á luz dunha siquiatría liberadora, con resultados que o propio autor evita xulgar polo aquel do respecto á liberdade do lector. Estes médicos que enfrentan a medicina aos intereses creados. Resultan incómodos, naturalmente.

E como remate do libro, a redefinición da tolemia galega en base á potenciación — hoxe, liberación — das clases populares. Redefinición somente posíbel nunha Galicia descolonizada. En resumo, un libro primicia na bibliografía galega que é popular e liberador como lle compre hoxenda á nosa afeollada realidade. Agradézámolo.



E. Ruelo, 1977

## ACUSE DE RECIBO

Recibimos o número 1 de HERTZALE, voceito do H. A. S. I. E comprobamos con leixicia que éste representa sensíbeles melloras en relación co número 0. Escrita en euskara, francés e castelán, conta con seccións adicadas á política, aos problemas municipais, á muller, ao mundo laboral, á economía, á política internacional, á cultura, á ecoloxía e á historia. A revista é áxil, de lectura doada, e o seu maquetado lémbraunos o de ANAITASUNA, revista enteiramente en euskara.

Hasi significa, en euskara, «facer o camiño». Que Hertzale sexa a pros que abre o camiño na liberación de Euskadi.



## A Nosa Terra

Revista ou xornal — que, polo que parece, cada quen fala da feira como lle vai nela — naceu unha nova publicación periódica galega. Naceu, renaceu, rexurdiu... ou o que sexa. Porque «A Nosa Terra» — vencellada ás Irmandades da Fala e logo ao Partido Galeguista, como se saberá — tivo vida propia e ten historia de seu. Polo que este rubro — non se

dubidará — pertence ao común do pobo galego.

Pola nosa banda, saudámos a nova etapa de «A Nosa Terra», ficando á agarda de que se manteña na liña de independencia — a súa utilización partidaria sería o insulto da privatización do común — que é o mínimo respecto debido aos nosos devanceiros.

Agardamos.

Biblioteca de Comunicación e Biblioteca General CEDOC

# PECHE DO NOSO CONGRESO

O día 11 deste mes de nadal, ás 5 da tarde, pechouse en Santiago de Compostela o Congreso-77 do Partido Socialista Galego cun acto ao que foron invitados partidos políticos, organizacións da mocidade, organizacións sindicais, asociacións feministas, Candidatura Democrática Galega para o Senado, etc. Dos que asistiron HASI (de Euskadi), PSPG, MCG, ORT, PCG, PPG, PSOE (h), PTE, POG, LCR, UPG(LP), PGSD, PCE (VIII e IX Congreso), PCOE, ADM Concepción Arenal, UGT, SU, SGS, UGT (h), SPG, SGI, XSPG, UXM, CGXR, XCG, MGR, XSG-PSOE (h) e o senador Celso Montero; tendo remitido a súa adhesión o Partido Socialista de Andalucía, o Partit Socialista del País Valencià, Partit Socialista de Catalunya (Congrés), ING, OCE (BR) e os señores Alonso Amat e Iglesias Corral.

Corresponde a este acto a información que se inclúe na presente páxina.

## SAUDO

Compañeiros e amigos, membros dos partidos políticos e forzas sindicais xuvenís e feministas, representantes de institucións sociais e culturais do país:

O peche do Congreso 1977 do Partido Socialista Galego, as súas derradeiras xornadas, cadrán cun intre en que o pobo galego está a pasar unha das etapas máis interesantes do seu camiñar histórico. Despois de cuarenta anos de ditadura, toda a clase política do país está a recoller a colleita que durante unha longa noite de pedra —por usar unha imaxe xa popular do noso compañeiro Celso Emilio— sementou un fado de loitadores nacionalistas sen máis trabellos de labor que o seu esforzo, a súa ilusión e máis a súa esperanza.

Nós ben sabemos que, se ben a colleita ha de ser realizada por forzas políticas, o froito corresponde por enteiro ao noso pobo.

Para os socialistas galegos, as conquistas democráticas e os avances sociais son sempre produto da loita permanente que manteñen as clases traballadoras. Nós non podemos consentir que ningunha outra clase ou fracción dela, se arroguen tal protagonismo. Por suposto, valoramos que sectores dominan-

tes acepten o xogo democrático na confrontación social; pero tamén temos que recordarlles que eles foron quen romperon a baraxa, e nós quen tivemos que recompoñer os anacos. Cando o Estado español comezaba a ser unha realidade plurinacional, foi esnaquizado por aqueles que, paradóxicamente, preferían «una España roja antes que rota».

Os socialistas galegos non plantexamos a cuestión neses termos. Para nós España deixará de ser unha idea imperialista cando se transforme nun marco institucional de unidade popular, que irmande pobos enfrentados por intereses alleos a eles. De pouco valería que a nova democracia que se está a facer, se baseara na implantación das liberdades individuais e desconocera os dereitos colectivos das distintas nacións que compoñen o Estado español. Sen o recoñecemento destes dereitos, a nova constitución sería unha fórmula feble, inmadura; isto é, endexamáis se lograría a verdadeira paz civil.

Nós, o PSG, ben quixeríamos que a nova Constitución reconecese plenamente estes dereitos nacionais, como tamén desexaríamos que a nova democracia saíse limpa de vicios pasados. Se isto non foi posíbel, hoxe a responsabilidade é de todos. Non esquezamos que partidos



como o HASI e a UPG aínda hoxe están sen legalizar.

Aos socialistas galegos correspóndenos conxugar o ensanchamento das liberdades nacionais coa seguranza das conquistas sociais. Ninguén ignora que a dependencia económica e a explotación colonial de Galicia beneficiou a intereses alleos e mantivo no interior unha mancha de parásitos, intermediarios e caciques que se non acabaron co país foi porque morto non os mantiña, porque o país é resistente á fame, e porque o pobo soupo crear os anticorpos necesarios —as organizacións políticas propias— para que a doenza non o consumise.

O país está en marcha e o estado hase facer; a nosa arela é que este sexa federal; pois así, algún día poderase acadar unha confederación de nacións ibéricas e demais pobos europeos.

Europa nunca poderá ser unha unidade política namentres existan nacións-estados enfrentados entre si por ideoloxías imperialistas contradictorias. A futura Europa haberase cimentar sobre a realidade viva dos pobos que a compoñen.

Namentres, nós e vós temos unha tarefa apaixoante que facer: a reconstrución nacional do noso país. Isto é, a recuperación dos seus recursos materiais, financeiros, culturais e humanos para, con todos eles, organizar un país ceibe en beneficio de todas as clases traballadoras galegas.

Benvidos.

## ACORDOS TOMADOS

O Congreso-77 do PSG tivo as súas xornadas de apertura en Vigo os días 7 a 9 de xaneiro do corrente ano, para rematar en Compostela nas sesións do 10 e 11 de nadal.

No período que se comprende entre esas datas, o PSG veu desenrolando un amplo análise político e sindical, ao mesmo tempo que establecía as grandes liñas da súa estratexia futura.

Dentro dese denso temario, o congreso do Partido Socialista Galego definíu en Vigo os seus Principios organizativos e Estatutos, a Táctica política nas súas liñas xerais, a Política sindical organizada nos distintos frentes, e máis a cuestión das Eleccións ao Congreso e ao Senado.

En Lugo, o 23 e 24 de abril, tratouse da Táctica política a curto prazo, da Unidade dos socialistas e máis da Federación de Partidos Socialistas.

Nas xornadas de Pontevedra, do 23 e 24 do mes de Santiago, a Comisión técnica fixo unha detallada valoración e informe dos resultados electorais e máis da implantación do PSG; asimismo tratouse da restructuración interna do partido da actuación sindical e procedeu á elección da nova Segredaría colexiada.

Nas sesións de clausura que agora ramatan, o congreso pronunciouse sobre as seguintes ponencias presentadas e aprobadas: Programa mínimo, As Mocidades do PSG, definicións de Símbolos do PSG, Táctica política do PSG, Reglamente dos Estatutos do PSG, o Frente de Estudantes do PSG e a cuestión Sindical; naturalmente, con emendas e modificacións incluídas.

Entre os acordos tomados nestas xornadas figuran, tamén, a elección da Comisión do congreso e mesmo a do Segredario de Prensa.

A Comisión do Congreso do PSG queda constituída por:

- Xosé Manuel Beiras Torrado
- Salvador Rei Rodríguez
- Mario Orxaes Pita
- Salvador García Bodaño
- Manuel Caamaño Suárez

A Segredaría colexiada do PSG integrada por:

- Coordinación, Valentín Arias López
- Relacións Internas, Siro López Lorenzo
- Relacións Exteriores, Claudio López Garrido
- Formación, Eduardo Gutiérrez Fernández
- Organización, Mario López Rico
- Propaganda, Xosé Bambibre Regueiro
- Prensa, Emilio González Fernández
- Coordinación de Frentes, Xoán Rodríguez Rei
- Financiación, Alfonso Rivas Fraga

